



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE CULTURA,  
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

INSTITUTO DE ENSINO SECUNDARIO SAN CLEMENTE  
Rúa San Clemente s/n. 15705 Santiago de Compostela  
Teléfono: 0034 881 867 501 - Fax: 0034 881 867 538  
[www.ies.sanclemente.net](http://www.ies.sanclemente.net) - [ies.sanclemente@edu.xunta.es](mailto:ies.sanclemente@edu.xunta.es)



**PROGRAMACIÓN  
DE HISTORIA DE ESPAÑA DE 2º DE BACHARELATO  
Curso 2020-2021**

**Profesora: Guillermina Domínguez Touriño**

**IES San Clemente**



## ÍNDICE DE HISTORIA DE ESPAÑA PÁGINAS

<b>1.</b>	<i>INTRODUCCIÓN.....</i>	3
	• <i>Xustificación da programación</i>	
<b>2.</b>	<i>CONTEXTUALIZACIÓN</i>	
	• <i>Obxectivos e ámbitos de actuación da LOMCE.....</i>	5
	○ <i>Principais retos educativos</i>	
	○ <i>Obxectivos da LOMCE</i>	
<b>3.</b>	<i>OS OBXECTIVOS XERAIS DO BACHARELATO E AS COMPETENCIAS CLAVE EN RELACIÓN COA HISTORIA DE ESPAÑA DE 2º CURSO .....</i>	7
	• <i>Obxectivos Xerais da Materia de Historia de España</i>	
<b>4.</b>	<i>CONTIDOS: Contidos, Criterios de avaliación e Estándares.....</i>	11
<b>5.</b>	<i>UNIDADES DIDÁCTICAS da proposta curricular, Obxectivos, Contidos, Criterios de avaliación, Estándares de Aprendizaxe, Competencias Clave e carga horaria.....</i>	27
<b>6.</b>	<i>METODOLOXÍA DIDÁCTICA.....</i>	44
<b>7.</b>	<i>CONTIDOS BÁSICOS INICIAIS.....</i>	47
	• <i>TIPOS DE CONTIDOS.....</i>	48
<b>8.</b>	<i>Procedementos e Instrumentos de Avaliación: Modelo de Exame e Criterios de Cualificación.....</i>	68
<b>9.</b>	<i>Modelo de Exame.....</i>	68
<b>10.</b>	<i>Criterios de Valoración.....</i>	69
<b>11.</b>	<i>Contidos Básicos iniciais.....</i>	70
<b>12.</b>	<i>Cualificación final.....</i>	70
<b>13.</b>	<i>Liñas Metodolóxicas Xerais que inclúan o impulso á Autonomía Persoal.....</i>	71
<b>14.</b>	<i>Materiais e Recursos didácticos.....</i>	72
<b>15.</b>	<i>Contidos Transversais.....</i>	72
<b>16.</b>	<i>Actividades de Recuperación. Medidas de atención á diversidade e adaptacións curriculares.....</i>	74
<b>17.</b>	<i>Actividades de Contribución.....</i>	74
➤	<i>Proyecto lingüístico</i>	
➤	<i>Proyecto lector</i>	
➤	<i>Proyecto das TIC</i>	
➤	<i>Plan de Convivencia</i>	
<b>18.</b>	<i>Actividades complementarias e extraescolares.....</i>	75
	<i>Anexos. Listado de conceptos Avaluables.....</i>	77
	<i>Anexo II. MEDIDAS ESPECÍFICAS PARA AFRONTAR O PROCESO DE PANDEMIA</i>	



## 1. INTRODUCIÓN

Un dos obxectivos fundamentais da materia de Historia de España é o coñecemento e a comprensión dos feitos e procesos históricos desenvolvidos desde a Prehistoria ata os nosos días, un marco temporal moi amplio que impide achegarse a todos eles con mesmo nivel de profundidade.

No tratamento desta materia resulta de vital importancia o manexo de moi diferentes **fontes de información**, destacando as primarias como fonte de coñecemento que o alumnado debe analizar e comentar para reconstruír os feitos e procesos históricos. Complemento de grande interese son tamén as **fontes documentais audiovisuais e cinematográficas** para complementar a visión de períodos históricos ou feitos más puntuais.

A materia de Historia de España constitúe un destacado eixe vertebrador para o coñecemento da sociedade, xa que contempla a realidade humana e social desde unha perspectiva integradora e global, visión que se complementa coas achegas doutras disciplinas como a Historia da Arte, a Xeografía, a Economía, a Socioloxía ou a Ecoloxía.

Neste curso trátanse aspectos históricos dos que algúns deles xa son coñecidos polo alumnado desde a Educación Secundaria e outros resultan novos. No primeiro caso trátase de afondar nos coñecementos xa adquiridos e, no segundo, en abordar novas cuestións que deben resultar de interese para a súa formación.

A Historia desenvolve múltiples competencias, unhas de forma moi específica –a competencia **social e cívica**- e outras que tamén están moi presentes no traballo do alumnado: a competencia en **ciencia e tecnoloxía, a de conciencia e expresións culturais, a dixital, a do sentido da iniciativa e espírito emprendedor, ademais daquelas que están presentes na maioría das materias do currículo de Secundaria: comunicación lingüística e aprender a aprender**. Neste sentido, procúrase que, especialmente a través do deseño dos estándares de aprendizaxe, o alumnado traballe e adquira contidos de carácter transversal directamente relacionados coas materias destas disciplinas: a comprensión lectora, a expresión escrita e oral, a educación cívica e constitucional, o traballo con TIC e o emprendemento.

### Marco lexislativo

A situación lexislativa actual ten como marco básico no ámbito estatal a **Lei Orgánica 8/2013**, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, que modifica a **Lei Orgánica 2/2006**, do 3 de maio, de educación; e no ámbito autonómico, a **Lei 9/1992**, do 24 de xullo, de educación e promoción de adultos, e o **Decreto 88/1999**, do 11 de marzo, polo que se regula a ordenación xeral das ensinanzas de persoas adultas e os requisitos mínimos dos centros.

O desenvolvemento normativo do currículo recóllese a nivel estatal no **Real decreto 1105/2014**, do 26 de decembro, polo que se establece o currículo da educación secundaria obligatoria e do bacharelato, e a nivel autonómico no **Decreto 86/2015**, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obligatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

A esta normativa básica, engádese outra que a complementa: a **Orde ECD/65/2015**, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obligatoria e o bacharelato; a **Orde do 26 de abril de 2007** pola que se ordenan e organizan as ensinanzas de bacharelato para adultos a distancia na Comunidade Autónoma de Galicia; a **Orde do 20 de marzo de 2018** pola que se regula a educación básica para as persoas adultas e



se establece o seu currículo na Comunidade Autónoma de Galicia; a **Circular 4/2020** da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións sobre a organización e o funcionamento dos centros EPA e dos institutos de educación secundaria que imparten ensinanzas básicas de educación para persoas adultas polas modalidades presencial e a distancia no curso 2020/21, e a **Circular 5/2020** da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, para a organización e posta en funcionamento das ensinanzas de bacharelato para as persoas adultas, nas modalidades presencial e a distancia, nos IES e centros EPA autorizados para impartilas no curso 2020/21.

#### a) Xustificación da programación

A Programación Didáctica Historia de España para 2º Bacharelato fundaméntase no establecido no Real Decreto 1105/2014 do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, do 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato, e no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

A base de partida é a concepción do Bacharelato como unha etapa fundamental na vida do alumnado que ten unha dobre finalidade: **proporcionar ao alumnado** formación, madurez intelectual e humana, coñecementos e habilidades que lles permitan desenvolver funcións sociais e incorporarse á vida activa con responsabilidade, e **capacitar o alumnado** para acceder aos diferentes estudos superiores en función das súas propias aspiracións e competencias.

A este fin propomos un modelo de ensinanza-aprendizaxe que pretende proseguir e desenvolver a tarefa que iniciamos en anteriores etapas educativas. Aspiramos a que toda a cidadanía adquieran as diferentes competencias necesarias para ter éxito na vida, a través da adquisición e o desenvolvimento das Competencias Clave. Deste xeito o modelo segue as directrices dos distintos estudos promovidos por instancias nacionais e internacionais, como o proxecto DeSeCo da OCDE, o informe Eurydice, o programa PISA os diferentes informes e proxectos educativos abordados desde o ámbito do proxecto da Unión Europea Estratexia Europa 2020 e, de forma particular, o PIAAC ou Programa para a Avaliación Internacional das Competencias dos Adultos.

**Entendemos que a función da ensinanza é facilitar a aprendizaxe dos alumnos e as alumnas, axudándooos a construir, adquirir e desenvolver as Competencias Clave** que lles permitan integrarse na sociedade do coñecemento e afrontar os continuos cambios que imponen en todas as ordes da nosa vida os rápidos avances científicos que o alumnado deberá afrontar en etapas posteriores da súa vida.

**Por competencias** enténdese, nun sentido amplio, a concatenación de saberes que articulan unha concepción do ser, do saber, saber facer e saber convivir. Neste sentido DeSeCo (2003) define competencia como "*a capacidade de responder a demandas complexas e levar a cabo tarefas diversas de forma adecuada*".

<<*A competencia supón unha combinación de habilidades prácticas, coñecementos, motivación, valores éticos, actitudes, emocións, e outros compoñentes sociais e de comportamento que se mobilizan convuntamente para lograr unha acción eficaz*>>.

#### A inclusión das competencias clave no currículo ten como finalidade que o alumnado

- a) poida facer posible o pleno exercicio da cidadanía no marco da sociedade de referencia;
- b) constrúa un proxecto de vida satisfactorio;
- c) alcance un desenvolvemento persoal equilibrado; e
- d) acceda a outros procesos educativos e formativos posteriores con garantías de éxito.



Ser competente, desde este enfoque, significa ser capaz de activar e utilizar ante un problema os coñecemento adquiridos, supón "**mobilizar os coñecementos, destrezas, actitudes e valores para responder as situacións formuladas, dotar de funcionalidade as aprendizaxes e aplicar o que se aprende desde unha formulación integradora**" (Orde ECD/65/2015 do Ministerio de Educación e Ciencia, pola que se desenvolven as Competencias Clave).

Só a partir destas premisas pensamos que é posible a aplicación dun dos eixes fundamentais da Programación Didáctica de Historia de España de 2º Bacharelato: **a funcionalidade das aprendizaxes**. Por aprendizaxe funcional entendemos que as competencias poidan ser aplicadas e transferidas a situacións e contextos diferentes para lograr diversos obxectivos, resolver diferentes tipos de problemas e levar a cabo diferentes tipos de tarefas.

A eficacia destes principios quedaría incompleta se non foramos capaces de presentar os contidos das diferentes materias de forma articulada para **facilitar o proceso de aprendizaxe e o desenvolvemento das Competencias Clave** a través dos Estándares de aprendizaxe fixados para cada materia.

Nas circunstancias actuais, a Pandemia da COVID19, pode transformar partes desta programación, tal e como tivemos que facelo en Maio-Xuño deste ano, en canto a temario, datas, realización de probas, áinda que as condicións do IES San Clemente e do profesorado e alumnado son relativamente propicias ao ser un ensino de persoas adultas e on-line sempre.

Deste xeito esta Programación tentará adoptar unha perspectiva globalizadora á vez que porá a atención naquelas aprendizaxes que se consideran imprescindibles desde unha formulación integradora e orientada á aplicación dos saberes adquiridos. Así, **a aprendizaxe das competencias clave**, áinda que vai ligada ás materias ou ás áreas de coñecemento e aos estándares de aprendizaxe fixados nelas, **adquirirase a partir da súa contextualización** en situacións reais e próximas ao alumnado para que poida integrar diferentes aprendizaxes, tanto as formais, como as informais, e utilizalas de forma efectiva cando lle resulten necesarios.

**Alumnado:** Na materia de Historia de España, de 2º de bacharelato, a data de hoxe, está matriculado un total de 300 alumnas e alumnas, matizamos o da data, porque no IES San Clemente, **áinda se poden matricular nun período importante do curso, ao ser un ensino on-line e non presencial**

## 2. CONTEXTUALIZACIÓN

- Obxectivos e ámbitos de actuación da LOMCE

A Lei Orgánica para a Mellora da Calidade Educativa (LOMCE) xorde como resposta a unha serie de retos educativos aos que se pretende dar resposta coa consecución dos seguintes obxectivos:

Principais retos educativos	Obxectivos da LOMCE
-----------------------------	---------------------



<ul style="list-style-type: none"><li>- Elevadas taxas de abandono escolar temprán.</li><li>- Baixo nivel formativo en relación cos estándares internacionais (PISA, ...).</li><li>- Reducido número de alumnos e alumnas que acada a excelencia.</li><li>- Inadecuación do sistema educativo ante as novas demandas de formación.</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>- Encauzar os e as estudiantes cara a traxectorias adecuadas ás súas potencialidades.</li><li>- Mellorar os resultados aumentando o número de titulados da ESO.</li><li>- Elevar os niveis de educación e aumentar o número de alumnos e alumnas excelentes.</li><li>- Mellorar a empregabilidade e estimular o espírito emprendedor do alumnado</li></ul>
--	--

Para lograr estes obxectivos a LOMCE centra a súa atención na modificación dos seguintes aspectos do Sistema Educativo:

–**Racionalización** da oferta educativa. O currículo simplificarse coa priorización das materias troncais para adquirir as competencias educativas.

–**Flexibilización** das traxectorias educativas. Establecemento de diferentes itinerarios educativos a partir da ESO.

–**Autonomía dos centros educativos**. Permitirá tomar decisións para mellorar a oferta educativa e suporá a rendición de contas dos resultados obtidos.

–**Reforzo** da capacidade de xestión da dirección dos centros. Os directores e directoras asumirán o liderado pedagóxico e de xestión.

–**Implantación** de avaliaciós externas. Estas levaranse a cabo ao finalizar cada etapa educativa: 6º Curso de Primaria, 4º curso de ESO e 2º curso de Bacharelato.

**Ademais, a LOMCE define tres novos ámbitos de actuación** que incidirán especialmente na transformación do noso sistema educativo:

–A incorporación xeneralizada das **Tecnoloxías da Información e Comunicación (TIC)**. A través das TIC facilitarase a personalización da educación.

–**O fomento do plurilingüismo**. Fixado pola Unión Europea, lograrase pola incorporación no currículo dunha segunda lingua estranxeira.

–**A modernización da Formación Profesional**. Adaptarase ás novas esixencias dos sectores produtivos e implicaranse as empresas na formación.

Segundo as recomendacións das institucións europeas a **LOMCE incorpora a educación cívica e constitucional** como contido transversal en todas as materias da educación básica. O obxectivo é transmitir e pór en práctica valores como a liberdade individual, a responsabilidade, a cidadanía democrática, a solidariedade, o respecto, a tolerancia ou a igualdade.

### Principios do Sistema Educativo

Para levar a cabo todos os ámbitos de actuación detallados no epígrafe anterior, concíbese a LOMCE como unha lei orgánica que só modifica parcialmente a previa Lei Orgánica de Educación (LOE) do ano 2006. Neste sentido, e polo que se refire aos principios que inspiran o Sistema Educativo Español, incorporáronse os seguintes:



**-A equidade e a igualdade de dereitos e oportunidades** que garantan o pleno desenvolvemento da personalidade do alumnado a través da educación.

**-O recoñecemento dos e das proxenitores e tutores e titoras** como principais responsables da educación dos seus fillos e fillas.

**-A educación para a prevención e resolución** pacífica de conflitos, así como o fomento da **non violencia** e a prevención do acoso escolar.

**-O desenvolvemento de valores que fomenten a igualdade efectiva entre homes e mulleres e que axuden a previr a violencia de xénero.**

**-A liberdade de ensino,** que lles recoñece ás familias a elección do tipo de educación e a selección do centro educativo.

Para garantir o desenvolvemento destes principios defíñese o Sistema Educativo como o conxunto de Administracións educativas, profesionais da educación e outros axentes, públicos e privados, que desenvolven funcións de regulación, de financiamento ou de prestación de servizos para o exercicio do dereito á educación en España.

Ademais establécense os órganos de participación da comunidade educativa na programación e asesoramento do goberno.

### Elementos do currículo na LOMCE

A LOMCE modifica os elementos que componen o currículo como regulador dos procesos de ensino e aprendizaxe para cada unha das etapas educativas.

Estes elementos pasan a ser os seguintes:

**-Os obxectivos** de cada ensino e etapa educativa.

**-As competencias ou capacidades** para aplicar os contidos de cada ensino e etapa educativa.

**-Os contidos, ou conxuntos de coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes** que contribúen ao logro dos obxectivos e á adquisición de competencias.

**Os contidos ordénanse en materias**, que se clasifican en materias, ámbitos, áreas e módulos en función das ensinanzas e as etapas educativas.

**— Os estándares e resultados de aprendizaxe availables**, que permiten definir os resultados das aprendizaxes en cada materia.

**— Os criterios de avaliación** do grao de adquisición das competencias e do logro dos obxectivos de cada ensino e etapa educativa.

**— A metodoloxía didáctica**, que comprende tanto a descripción das prácticas docentes como a organización do traballo dos docentes.

### 3. OS OBXECTIVOS XERAIS DO BACHARELATO E AS COMPETENCIAS CLAVE EN RELACIÓN COA HISTORIA DE ESPAÑA DE 2º CURSO

Con respecto aos **obxectivos xerais do Bacharelato**, a materia de Historia de España debe contribuír a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permitan:

Obxectivos	Competencias Clave
------------	--------------------



<p>A. Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construcción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.</p>	<p>Competencias sociais e cívicas. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor</p>
<p>B. Consolidar unha madureza persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.</p>	<p>Competencias sociais e cívicas. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor. Aprender a aprender</p>
<p>C. Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.</p>	<p>Competencias sociais e cívicas. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor. Aprender a aprender Comunicación lingüística.</p>
<p>D. Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.</p>	<p>Competencias sociais e cívicas. Aprender a aprender</p>
<p>E. Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lengua castelá.</p>	<p>Comunicación lingüística. Conciencia e expresións culturais. Aprender a aprender.</p>
<p>F. Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.</p>	<p>Comunicación lingüística. Conciencia e expresións culturais.</p>



	<p><b>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.</b> <b>Aprender a aprender.</b></p>
G. Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.	<p><b>Competencia dixital.</b> <b>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.</b> <b>Competencias sociais e cívicas.</b></p>
H. Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.	<p><b>Competencias sociais e cívicas.</b> <b>Conciencia e expresións culturais.</b></p>
I. Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.	<p><b>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.</b> <b>Aprender a aprender.</b></p>
J. Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnología ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.	<p><b>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.</b> <b>Aprender a aprender.</b></p>
K. Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.	<p><b>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.</b> <b>Aprender a aprender.</b> <b>Competencias sociais e cívicas.</b></p>
L. Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.	<p><b>Conciencia e expresións culturais.</b> <b>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.</b> <b>Aprender a aprender.</b></p>



M. Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvimento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.	Sentido de iniciativa e espírito emprendedor. Aprender a aprender. Competencias sociais e cívicas.
N. Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.	Sentido de iniciativa e espírito emprendedor. Aprender a aprender. Competencias sociais e cívicas.
O. Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.	Conciencia e expresións culturais. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor. Aprender a aprender. Competencias sociais e cívicas.

En canto ás competencias clave, nesta materia trabállanse, con diferente grao de intensidade, as seguintes:

CSC. Competencia social e cívica.

CCL. Competencia en comunicación lingüística.

CAA. Competencia de aprender a aprender.

CD. Competencia dixital.

CMCCT. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.

CCEC. Conciencia e expresións culturais.

CSIEE. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.

• Obxectivos Xerais da Materia de Historia de España

Obxectivos	Competencias Clave
a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade una construcción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.	Competencias sociais e cívicas. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.
b) Consolidar unha madureza persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser	Competencias sociais e cívicas. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor. Aprender a aprender



<p><b>quen de prever e resolver pacíficamente os conflitos persoais, familiares e sociais.</b></p>	
<p>c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.</p>	<p><b>Competencias sociais e cívicas.</b> <b>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.</b> <b>Aprender a aprender</b> <b>Comunicación lingüística.</b></p>
<p>d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvimento persoal.</p>	<p><b>Competencias sociais e cívicas.</b> <b>Aprender a aprender</b></p>
<p>e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lengua castelá.</p>	<p><b>Comunicación lingüística.</b> <b>Conciencia e expresións culturais.</b> <b>Aprender a aprender.</b></p>
<p>f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.</p>	<p><b>Comunicación lingüística.</b> <b>Conciencia e expresións culturais.</b> <b>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.</b> <b>Aprender a aprender.</b></p>
<p>g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.</p>	<p><b>Competencia dixital.</b> <b>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.</b> <b>Competencias sociais e cívicas.</b></p>
<p>h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no</p>	<p><b>Competencias sociais e cívicas.</b> <b>Conciencia e expresións culturais.</b></p>



<p>desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.</p>	
i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.	Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía. Aprender a aprender.
j) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnología ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.	Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía. Aprender a aprender.
k) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.	Sentido de iniciativa e espírito emprendedor. Aprender a aprender. Competencias sociais e cívicas.
l) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.	Conciencia e expresións culturais. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor. Aprender a aprender.
m) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.	Conciencia e expresións culturais. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor. Aprender a aprender. Competencias sociais e cívicas.

#### 4. CONTIDOS: Contidos, Criterios de avaliação e Estándares

##### Contidos e Criterios de Avaliación do Bloque 0: Como se escribe a Historia. Criterios comúns

Contidos	Criterios de Avaliación e Estándares de Aprendizaxe
	B0.1. Localizar fontes primarias (históricas) e secundarias (historiográficas) en bibliotecas,



- B0.1. Método histórico. Fontes e perspectivas.**
- B0.2. Análise e comentario de fontes.**
- B0.3. Utilidade das fontes.**
- B0.4. Mapas e liñas do tempo.**

internet, etc., e extraer información saliente sobre o tratado, valorando criticamente a súa fiabilidade.

HEB0.1.1. Procura información de interese (en libros e internet) sobre a importancia cultural e artística dun personaxe historicamente salientable, un feito ou un proceso histórico, e elabora unha breve exposición.

B0.2. Elaborar mapas e liñas de tempo, localizando as fontes adecuadas, utilizando os datos proporcionados ou servíndose dos coñecementos xa adquiridos.

HEB0.2.1. Representa unha liña do tempo situando nunha ringleira os principais acontecementos relativos a determinados feitos ou procesos históricos.

B0.3. Comentar e interpretar fontes primarias (históricas) e secundarias (historiográficas), relacionando a súa información cos coñecementos previos.

HEB0.3.1. Responde a cuestiós propostas a partir de fontes históricas e historiográficas.

B0.4. Recoñecer a utilidade das fontes para o/a historiador/a, á parte da súa fiabilidade.

HEB0.4.1. Distingue o carácter das fontes históricas non só como información, senón tamén como proba para responder ás preguntas que se formulaos os/as historiadores/ as.

**Contidos e Criterios de Avaliación do Bloque 1:  
A Península Ibérica desde os primeiros humanos ata a desaparición da monarquía Visigoda (711)**

Contidos	Criterios de Avaliación e Estándares de Aprendizaxe
<p><b>B1.1. Da prehistoria á monarquía visigoda: prehistoria (evolución do Paleolítico ao Neolítico; pintura cantábrica e levantina; importancia da metalurxia); configuración das áreas celta e ibérica (Tartesos, indoeuropeos e colonizadores orientais; cultura castrexa); Hispania romana (conquista e romanización da Península; legado cultural romano; exemplo galego); monarquía visigoda (ruralización da economía; poder da Igrexa e a nobreza).</b></p>	<p>B1.1. Explicar as características dos principais feitos e procesos históricos da Península Ibérica desde a prehistoria ata a desaparición da monarquía visigoda, e identificar as súas causas e consecuencias.</p> <p>HEB1.1.1. Explica as diferenzas entre a economía e a organización social do Paleolítico e do Neolítico, e as causas do cambio.</p> <p>HEB1.1.2. Identifica as diferenzas entre unha imaxe de pintura cantábrica e outra de pintura levantina.</p> <p>HEB1.1.3. Describe os avances no coñecemento das técnicas metalúrxicas e explica as súas repercusiós.</p>



	<p>HEB1.1.4. Resume as características principais do reino de Tartesos e cita as fontes históricas para o seu coñecemento.</p> <p>HEB1.1.5. Explica o diferente nivel de desenvolvemento das áreas celta e ibérica en vésperas da conquista romana en relación coa influencia recibida dos indoeuropeos, o reino de Tartesos e os colonizadores fenicios e gregos.</p> <p>HEB1.1.6. Debuxa un mapa esquemático da Península Ibérica e delimita nel as áreas ibérica e celta.</p> <p>HEB1.1.7. Define o concepto de romanización e describe os medios empregados para levala a cabo.</p> <p>HEB1.1.8. Compara o ritmo e grao de romanización dos territorios peninsulares.</p> <p>HEB1.1.9. Resume as características da monarquía visigoda e explica por que alcanzou tanto poder a igrexa e nobreza.</p> <p>HEB1.1.10. Procura información de interese (en libros e internet) sobre o mantemento cultural e artístico do legado romano na España actual, e elabora unha breve exposición.</p> <p>HEB1.1.11. Representa unha liña do tempo desde 250 a.C. ata 711 d.C., e sitúa os principais eventos históricos.</p> <p>HEB1.1.12. Partindo de fontes historiográficas, responde a cuestiós ou situacións.</p>
--	---

**Contidos e Criterios de Avaliación do Bloque 2:  
A Idade Media: tres culturas e un mapa político en constante cambio (711-1474)**

Contidos	Criterios de Avaliación e Estándares de Aprendizaxe
<p><b>I</b>B2.1. Al-Andalus: conquista musulmá; evolución política de Al-Andalus; revitalización económica e urbana; estrutura social; relixión, cultura e arte.</p> <p><b>I</b>B2.2. Os reinos cristiáns do século XIII ao XV: evolución política; nacemento das Cortes. Os reinos cristiáns na baixa Idade Media (séculos XIV e XV): diferente evolución e organización política das coroas de Castela, Aragón e Navarra. Proceso de reconquista e repoboación.</p> <p><b>I</b>B2.3. Os reinos cristiáns na ICADE Media: réxime señororial e sociedade estamental. Tensións sociais.</p>	<p>B2.1. Explicar a evolución dos territorios musulmáns na Península, describindo as súas etapas políticas e os cambios económicos, sociais e culturais que introduciron.</p> <p>HEB2.1.1. Explica as causas da invasión musulmá e da súa rápida ocupación da Península.</p> <p>HEB2.1.2. Representa unha liña do tempo desde 711 ata 1474 e sitúa nunha ringleira os principais acontecementos relativos a Al-Andalus e noutra os relativos aos reinos cristiáns.</p> <p>HEB2.1.3. Describe a evolución política de Al-Andalus.</p>



**I**B2.4. Os reinos cristiáns na ICADE Media: do estancamiento á expansión económica. Crises agraria e demográfica.

**I**B2.5. O Camiño de Santiago. Unha cultura plural: cristiáns, musulmáns e xudeus. Manifestacións artísticas.

HEB2.1.4. Resume os cambios económicos, sociais e culturais introducidos polos musulmáns en Al-Andalus.

B2.2. Explicar a evolución e configuración política dos reinos cristiáns, en relación co proceso de reconquista e o concepto patrimonial da monarquía.

HEB2.2.1. Describe as grandes etapas e as causas xerais que conducen ao mapa político da Península Ibérica ao remate da Idade Media.

HEB2.2.2. Explica a orixe das Cortes nos reinos cristiáns e as súas principais funcións.

HEB2.2.3. Compara a organización política da coroa de Castela, a de Aragón e o reino de Navarra ao remate da Idade Media.

HEB2.2.4. Comenta o ámbito territorial e as características de cada sistema de repoboación, así como as súas causas e as súas consecuencias.

B2.3. Diferenciar as tres grandes fases da evolución económica dos reinos cristiáns durante toda a Idade Media (estancamiento, expansión e crise), e sinalar os seus factores e as súas características.

HEB2.3.1. Describe as grandes fases da evolución económica dos territorios cristiáns durante a Idade Media.

B2.4. Analizar a estrutura social dos reinos cristiáns e describir o réxime señoril e as características da sociedade estamental.

HEB2.4.1. Explica a orixe e as características do réxime señoril e a sociedade estamental no ámbito cristián.

B2.5. Describir as relacións culturais de cristiáns, musulmáns e xudeus, e especificar as súas colaboracións e as influencias mutuas.

HEB2.5.1. Describe o labor dos centros de tradución.

HEB2.5.2. Procura información de interese (en libros e internet) sobre a importancia cultural e artística do Camiño de Santiago, e elabora unha breve exposición.



**Contidos e Criterios de Avaliación do Bloque 3: A formación da monarquía hispánica e a súa expansión mundial (1474-1700)**

Contidos	Criterios de Avaliación e Estándares de Aprendizaxe
<p>■B3.1. Os Reis Católicos: unión dinástica de Castela e Aragón; reorganización do Estado; política relixiosa; conquista de Granada; descuberta de América; incorporación de Navarra; relacións con Portugal.</p> <p>■B3.2. Auxe do Imperio no século XVI: dominios de Carlos I e de Filipe II; modelo político dos Austrias; conflitos internos; conflitos relíxiosos no seo do Imperio; conflitos exteriores; exploración e colonización de América e do Pacífico; política económica respecto a América; a revolución dos prezos e o custo do Imperio.</p> <p>■B3.3. Crise e decadencia do Imperio no século XVII: os validos; expulsión dos mouriscos; proxectos de reforma de Olivares; guerra dos Trinta Anos e perda da hegemonía en Europa en favor de Francia; rebeliós de Cataluña e Portugal en 1640; Carlos II e o problema sucesorio; crise demográfica e económica.</p> <p>■B3.4. Século de Ouro español: do Humanismo á Contrarreforma; Renacemento e Barroco na literatur a e na arte.</p>	<p>B3.1. Analizar o reinado dos Reis Católicos como unha etapa de transición entre a Idade Media e a Idade Moderna, e identificar as reminiscencias medievais e os feitos salientables que abren o camiño á modernidade.</p> <p>HEB3.1.1. Define o concepto de unión dinástica aplicado a Castela e Aragón en tempos dos Reis Católicos e describe as características do novo Estado.</p> <p>HEB3.1.2. Explica as causas e as consecuencias dos feitos más relevantes de 1492.</p> <p>HEB3.1.3. Analiza as relacións dos Reis Católicos con Portugal e os obxectivos que perseguían.</p> <p>B3.2. Explicar a evolución e a expansión da monarquía hispánica durante o século XVI, diferenciando os reinados de Carlos I e Filipe II.</p> <p>HEB3.2.1. Compara os imperios territoriais de Carlos I e de Filipe II, e explica os problemas que provocaron.</p> <p>HEB3.2.2. Explica a expansión colonial en América e no Pacífico durante o século XVI.</p> <p>HEB3.2.3. Analiza a política respecto a América no século XVI e as súas consecuencias para España, Europa e a poboación americana.</p> <p>B3.3. Explicar as causas e as consecuencias da decadencia da monarquía hispánica no século XVII, relacionando os problemas internos, a política exterior e a crise económica e demográfica.</p> <p>HEB3.3.1. Describe a práctica do valeamento e os seus efectos na crise da monarquía.</p> <p>HEB3.3.2. Explica os principais proxectos de reforma do Conde Duque de Olivares.</p> <p>HEB3.3.3. Analiza as causas da guerra dos Trinta Anos e as súas consecuencias para a monarquía hispánica e para Europa.</p> <p>HEB3.3.4. Compara e comenta as rebeliós de Cataluña e Portugal de 1640.</p>



HEB3.3.5. Explica os principais factores da crise demográfica e económica do século XVII, e as súas consecuencias.

HEB3.3.6. Representa unha liña do tempo desde 1474 ata 1700, e sitúa nela os principais acontecementos históricos.

B3.4. Recoñecer as grandes achegas culturais e artísticas do Século de Ouro español, extraendo información de interese en fontes primarias e secundarias (en bibliotecas, internet, etc.).

HEB3.4.1. Procura información de interese (en libros e internet) e elabora unha breve exposición sobre os seguintes pintores do Século de Ouro español: El Greco, Ribera, Zurbarán, Velázquez e Murillo.



## Contidos e Criterios de Avaliación do Bloque 4: España na órbita francesa: o reformismo dos primeiros Borbóns (1700-1788)

Contidos	Criterios de Avaliación e Estándares de Aprendizaxe
<p><b>I</b>B4.1. Cambio dinástico e Guerra de Sucesión: unha contenda civil e europea; a Paz de Utrecht e o novo equilibrio europeo; os pactos de familia con Francia.</p> <p><b>I</b>B4.2. Reformas institucionais: novo modelo de Estado; Administración en América; Facenda Real; relacións Igrexa-Estado.</p> <p><b>I</b>B4.3. Economía e política económica: recuperación demográfica; problemas da agricultura, a industria e o comercio; liberalización do comercio con América.</p> <p><b>I</b>B4.4. Engalaxe económica de Cataluña. Estancamiento económico de Galicia.</p> <p><b>I</b>B4.5. A Ilustración en España e Galicia: proxectistas, anotadores e ilustrados; despotismo ilustrado; novo concepto de educación; Sociedades Económicas de Amigos do País; prensa periódica.</p>	<p>B4.1. Analizar a Guerra de Sucesión española como contenda civil e europea, e explicar as súas consecuencias para a política exterior española e a nova orde internacional.</p> <p>HEB4.1.1. Explica as causas da Guerra de Sucesión Española e a composición dos bandos en conflito.</p> <p>HEB4.1.2. Representa unha liña do tempo desde 1700 ata 1788, e sitúa nela os principais acontecementos históricos.</p> <p>HEB4.1.3. Detalla as características da nova orde europea surdida da Paz de Utrecht e o papel de España nela.</p> <p>B4.2. Describir as características do novo modelo de Estado, especificando o alcance das reformas promovidas polos primeiros monarcas da dinastía borbónica.</p> <p>HEB4.2.1. Define os decretos de nova planta e explica a súa importancia na configuración do novo Estado borbónico.</p> <p>HEB4.2.2. Elabora un esquema comparativo do modelo político dos Austrias e dos Borbóns.</p> <p>HEB4.2.3. Explica as medidas que adoptaron ou proxectaron os primeiros Borbóns para sanear a Facenda Real.</p> <p>HEB4.2.4. Describe as relacións Igrexa-Estado e as causas da expulsión dos xesuítas.</p> <p>B4.3. Comentar a situación inicial dos sectores económicos, detallando os cambios introducidos e os obxectivos da nova política económica.</p> <p>HEB4.3.1. Compara a evolución demográfica do século XVIII coa da centuria anterior.</p> <p>HEB4.3.2. Desenvolve os principais problemas da agricultura e as medidas impulsadas por Carlos III neste sector.</p> <p>HEB4.3.3. Explica a política industrial da monarquía e as medidas adoptadas respecto ao comercio con América.</p> <p>B4.4. Explicar a engalaxe económica de Cataluña, en comparación coa evolución económica do resto de España.</p> <p>HEB4.4.1. Especifica as causas da engalaxe económica de Cataluña no século XVIII.</p> <p>B4.5. Expor os conceptos fundamentais do pensamento ilustrado, identificando as súas vías de difusión.</p> <p>HEB4.5.1. Comenta as ideas fundamentais da Ilustración e define o concepto de despotismo ilustrado.</p> <p>HEB4.5.2. Razoa a importancia das Sociedades Económicas de Amigos do País e da prensa periódica na difusión dos valores da Ilustración.</p>



## Contidos e Criterios de Avaliación do Bloque 5: A crise do Antigo Réxime (1788-1833): Liberalismo fronte a Absolutismo

Contidos	Criterios de Avaliación e Estándares de Aprendizaxe
<p><b>I</b>B5.1. Impacto da Revolución Francesa: relacións entre España e Francia; Guerra da Independencia.</p> <p><b>I</b>B5.2. Primeiro intento de revolución liberal, Cortes de Cádiz e Constitución de 1812.</p> <p><b>I</b>B5.3. Reinado de Fernando VII: restauración do absolutismo; trienio liberal; reacción absolutista.</p> <p><b>I</b>B5.4. Emancipación da América española: protagonismo crioulo; fases do proceso; repercusións para España.</p> <p><b>I</b>B5.5. A obra de Goya como testemuño da época.</p>	<p>B5.1. Analizar as relacións entre España e Francia desde a Revolución Francesa ata a Guerra da Independencia, e especificar en cada fase os principais acontecementos e as súas repercusións para España.</p> <p>HEB5.1.1. Resume os cambios que experimentan as relacións entre España e Francia desde a Revolución Francesa ata o comezo da Guerra de Independencia.</p> <p>HEB5.1.2. Describe a Guerra da Independencia: as súas causas, a composición dos bandos en conflito e o desenvolvemento dos acontecementos.</p> <p>B5.2. Comentar o labor legislador das Cortes de Cádiz, en relación co ideario do liberalismo.</p> <p>HEB5.2.1. Compara as Cortes de Cádiz coas estamentais do Antigo Réxime.</p> <p>HEB5.2.2. Comenta as características esenciais da Constitución de 1812.</p> <p>B5.3. Describir as fases do reinado de Fernando VII, e explicar os principais feitos de cada unha.</p> <p>HEB5.3.1. Detalla as fases do conflito entre liberais e absolutistas durante o reinado de Fernando VII.</p> <p>HEB5.3.2. Define o carlismo e resume a súa orixe e os apoios con que contaba inicialmente.</p> <p>HEB5.3.3. Representa unha liña do tempo desde 1788 ata 1833 e sitúa nela os principais acontecementos históricos.</p> <p>HEB5.3.4. Representa nun esquema as diferenzas, en canto a sistema político e estrutura social, entre o Antigo Réxime e o réxime liberal burgués.</p> <p>B5.4. Explicar o proceso de independencia das colonias americanas, diferenciando as súas causas e as súas fases, así como as repercusións económicas para España.</p> <p>HEB5.4.1. Explica as causas e o desenvolvemento do proceso de independencia das colonias americanas.</p> <p>HEB5.4.2. Especifica as repercusións económicas para España da independencia das colonias americanas.</p> <p>B5.5. Relacionar as pinturas e os gravados de Goya cos acontecementos deste período, e</p>



	identificar nelas o reflexo da situación e os feitos contemporáneos. HEB5.5.1. Procura información de interese (en libros e internet) sobre Goya e elabora unha breve exposición sobre a súa visión da guerra.
--	---

### Contidos e Criterios de Avaliación do Bloque 6: A construcción do Estado liberal (1833-1874).

Contidos	Criterios de Avaliación e Estándares de Aprendizaxe
			<ul style="list-style-type: none"><li>■ 8.1.4. Valora a Idade de Prata da cultura e amplía información a través da consulta da rede sobre algún aspecto concreto.</li><li>■ 8.1.5. Analiza os antecedentes da Guerra Civil.</li></ul>	
a,b,c,d,e,h,i,m,g	8.2. A Guerra civil <ul style="list-style-type: none"><li>- A sublevación militar e a formación dos bandos</li><li>- A internacionalización do conflito</li><li>- A evolución da guerra</li><li>- A España republicana</li><li>- A España sublevada</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>■ 8.2. Analizar a Guerra Civil, coas súas causas, desenvolvemento e consecuencias, diferenciando a situación nas dúas zonas en que quedou dividida España.</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>■ 8.2.1. Compara a evolución política, social e económica dos dous bandos enfrentados.</li><li>■ 8.2.2. Sintetiza as fases da Guerra desde o punto de vista militar.</li><li>■ 8.2.3. Analiza as consecuencias da derrota republicana e da vitoria dos sublevados.</li><li>■ 8.2.4. Relaciona a Guerra Civil española co contexto internacional.</li><li>■ 8.2.5. Representa unha liña do tempo desde 1931 ata 1939, e sitúa nela os principais acontecementos históricos.</li></ul>	CSC CAA CCL CD CMCCT



## 9. España no franquismo

### Presentación

Nesta unidade temática trabállase:

- Os trazos ideolóxicos do franquismo e a procedencia da súa fundamentación ideolóxica.
- A evolución económica e social da ditadura franquista.
- A dualidade cultural existente na España franquista
- O labor da oposición á ditadura.

Carga horaria: 9 sesións

OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMP. CLAVE
a,b,c,d,e,h,i,m	9.1. Bases e apoios da ditadura franquista <ul style="list-style-type: none"><li>- Leis Fundamentais</li><li>- Franco, caudillo de España</li><li>- Un reino sen rei</li><li>- O Movemento Nacional</li><li>- Unidade da patria e centralismo</li><li>- Nacionalcatolicismo</li><li>- Sindicalismo vertical</li><li>- Limitación dos dereitos individuais</li><li>- Subordinación da muller</li><li>- A democracia orgánica</li></ul>	▪ 9.1.Caracterizar a ideoloxía, os apoios e as bases do réxime franquista.	▪ 9.1.1. Describe as bases e os apoios do franquismo. ▪ 9.1.2. Analiza os principios do Movemento Nacional como fundamentación ideolóxica da ditadura. ▪ 9.1.3.Describe os trazos da democracia orgánica.	CSC CAA CCL
a,b,c,d,e,h,i,m	9.2.Unha longa posguerra. 1939-1959 <ul style="list-style-type: none"><li>- Da amizade cos fascismos ao illamento exterior ao recoñecemento internacional</li><li>- Da autarquía económica aos inicios da liberalización</li><li>- A represión dos vencidos</li></ul>	▪ 9.2.Analizar a etapa da posguerra no contexto interior e internacional.	▪ 9.2.1.Sintetiza a posición de España durante a Segunda Guerra Mundial e as súas consecuencias. ▪ 9.2.2.Analiza as dificultades económicas da posguerra. ▪ 9.2.3.Explica a situación da oposición política durante a posguerra, tanto no interior coma no exterior de España.	CSC CAA CCL CMCCT



a,b,c,d,e,h,i,m	9.3.Desenvolvemento económico e inmobilismo político. 1959-1973 - Os Planos económicos - Cambios sociais e forzas de oposición - As relacóns co exterior	▪ 9.3.Valorar o desenvolvemento económico dos anos 60 en contraste co inmobilismo político.	▪ 9.3.1.Analiza e valora o Plano de Estabilización e as súas consecuencias. ▪ 9.3.2.Comenta os cambios sociais consecuencia do desenvolvemento económico. ▪ 9.3.3.Coñece e analiza a evolución das forzas de oposición ao franquismo. ▪ 9.3.4.Identifica as actuacóns más destacadas do período desde o punto de vista das relacóns co exterior.	CSC CAA CCL CMCCT
a,b,c,d,e,h,i,m g	9.4.A agonía do franquismo. 1973-1975 - Crise económica e política - O incremento das forzas de oposición - Os problemas exteriores: a Marcha Verde - Enfermidade e morte de Franco	▪ 9.4.Comprender as dificultades do franquismo provocadas pola crise económica, a oposición política e os problemas exteriores.	▪ 9.4.1.Comprende as múltiples dificultades do franquismo nos seus últimos anos e identifica as más destacadas. ▪ 9.4.2.Analiza as diferentes posicóns políticas ante a morte de Franco. ▪ 9.4.3. Representa unha liña do tempo desde 1939 ata 1975, e sitúa nela os principais acontecementos históricos.	CSC CAA CCL CD CMCCT
a,b,c,d,e,h,i,m g n p	9.5.A cultura española durante o franquismo	▪ 9.5. Coñecer a evolución da cultura española, dentro e fóra de España durante a ditadura franquista.	▪ 9.5.1.Caracteriza a cultura española durante o franquismo, diferenciando as manifestacóns dentro e fóra do sistema.	CSC CAA CCL CD



			<ul style="list-style-type: none"><li>■ 9.5.2. Describe a diversidade cultural do período, distinguiendo as súas manifestacións.</li><li>■ 9.5.3. Procura información de interese e elabora unha breve exposición sobre a cultura do exilio durante o franquismo.</li></ul>	
--	--	--	---	--

## 10. España en democracia

### Presentación

Nesta unidade temática trabállase:

- O proceso de transición á democracia.
- A España das autonomías.
- A pluralidade e diversidade de realidades históricas que conforman a España actual.
- Os desequilibrios territoriais e os diferentes graos de desenvolvemento existentes no Estado español.
- As actuacións dos sucesivos gobiernos democráticos.
- A Galicia autonómica.

Carga horaria: 12 sesións

OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMP. CLAVE
a,b,c,d,e,h,i,m	10.1. A transición democrática. 1975-1977 - Proclamación e coroación do rei Xoán Carlos I - O primeiro governo da Monarquía - Adolfo Suárez e o inicio das reformas	<ul style="list-style-type: none"><li>■ 10.1. Valorar o proceso de transición desde a ditadura á democracia.</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>■ 10.1.1. Coñece e valora o proceso da transición democrática.</li><li>■ 10.1.2. Explica as alternativas políticas que se propuñan tras a morte de Franco, e quen defendía cada unha.</li><li>■ 10.1.3. Analiza as medidas adoptadas polos primeiros gobiernos da monarquía.</li><li>■ 10.1.4. Valora o inicio das reformas a</li></ul>	CSC CAA CCL



			partir do nomeamento de Adolfo Suárez como presidente de Goberno.	
a,b,c,d,e,h,i,m	10.2.A Constitución de 1978 - Trazos xerais - Dereitos e deberes - Os poderes do Estado	■ 10.2.Coñecer e valorar os trazos básicos da actual Constitución.	■ 10.2.1. Explica o proceso de elaboración da Constitución de 1978. ■ 10.2.2. Analiza os principios reitores da Constitución de 1978. ■ 10.2.3.Diferencia e describe os poderes do Estado segundo a Constitución.	CSC CAA CCL
a,b,c,d,e,h,i,m	10.3.Os gobernos de UCD. - Os gobernos de Adolfo Suárez. 1977-1981 - O governo de Leopoldo Calvo Sotelo. 1981-1982	■ 10.3.Analizar a actuación dos gobernos de Adolfo Suárez e Leopoldo Calvo Sotelo.	■ 10.3.1.Describe as principais actuacións políticas e económicas dos gobernos da UCD. ■ 10.3.2. Identifica as dificultades dos gobernos da UCD e a perda das eleccións.	CSC CAA CCL
a,b,c,d,e,h,i,m p	10.4.A creación do Estado das Autonomías	■ 10.4.Comprender o proceso de formación do Estado das Autonomías, as súas dificultades e os diferentes ritmos de consecución da autonomía.	■ 10.4.1. Define o Estado das Autonomías dentro dun Estado de Dereito. ■ 10.4.2. Analiza e comenta a nova organización do Estado e os inicios da formación das actuais Comunidades Autónomas.	CSC CAA CCL
a,b,c,d,e,h,i,m	10.5.Os gobernos socialistas de Felipe González. - Integración de España na política internacional - O Estado do benestar	■ 10.5.Coñecer as reformas más significativas dos gobernos socialistas e valorar a consolidación do estado do benestar.	■ 10.5.1.Valora a significación do ascenso do socialismo ao poder. ■ 10.5.2.Sintetiza as reformas más significativas dos seus gobernos. ■ 10.5.3.Valora o proceso de	CSC CAA CCL CMCCT



	<ul style="list-style-type: none"><li>- Axuste e reactivación económica</li><li>- O cambio sociocultural</li><li>- Escándalos e des prestixio socialista</li></ul>		incorporación de España á Europa comunitaria.	
a,b,c,d,e,h,i,m	<ul style="list-style-type: none"><li>10.6.Os gobernos conservadores de José María Aznar<ul style="list-style-type: none"><li>- Crecemento, privatización e moeda única</li><li>- Reformas do programa conservador</li><li>- A guerra de Iraq e o terrorismo de carácter xihadista</li></ul></li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>■ 10.6.Describir as principais actuacións dos gobernos do Partido Popular</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>■ 10.6.1.Identifica as reformas máis destacadas do programa conservador.</li><li>■ 10.6.2.Analiza o impacto do terrorismo xihadista e as súas consecuencias na política nacional.</li></ul>	CSC CAA CCL CMCCT
a,b,c,d,e,h,i,m	<ul style="list-style-type: none"><li>10.7.Os gobernos socialistas de José Luis Rodríguez Zapatero<ul style="list-style-type: none"><li>- Reformas do programa socialista</li><li>- Da bonanza á crise</li><li>- Cambios sociais</li><li>- A tregua de ETA e novos movementos sociais</li></ul></li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>■ 10.7.Analizar as reformas do programa socialista.</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>■ 10.7.1.Destaca as reformas sociais más significativas dos gobernos de J.L.Rodríguez Zapatero.</li><li>■ 10.7.2.Valora o impacto da crise económica mundial de 2008.</li><li>■ 10.7.3.Caracteriza a sociedade española nos inicios do século XXI.</li></ul>	CSC CAA CCL CMCCT
a,b,c,d,e,h,i,m	<ul style="list-style-type: none"><li>10.8.Os gobernos conservadores de Mariano Rajoy<ul style="list-style-type: none"><li>- Medidas contra a crise</li><li>- Os problemas de corrupción</li><li>- Novas forzas políticas</li><li>- Relevo na xefatura do Estado</li><li>- O novo mapa político</li></ul></li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>■ 10.8.Enunciar e valorar a actuación dos gobernos conservadores do Partido Popular.</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>■ 10.8.1.Describe as actuacións máis destacadas do novo Goberno do Partido Popular.</li><li>■ 10.8.2.Valora os problemas do Goberno e o nacemento de novas forzas políticas.</li><li>■ 10.8.3. Elabora un eixe do tempo no que sitúa os diferentes mandatos dos presidentes de Goberno e os feitos</li></ul>	CSC CAA CCL CMCCT



			máis significativos das súas actuacións.	
a,b,c,d,e,h,i,m g p	10.9.A Galicia autonómica. - Os gobernos autonómicos - Unha poboación estancada - Desequilibrado desenvolvemento económico	<ul style="list-style-type: none"><li>■ 10.9.Coñecer a evolución dos gobernos autonómicos e das súas principais actuacións.</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>■ 10.9.1.Sintetiza as fases do proceso preautonómico e as súas características.</li><li>■ 10.9.2.Identifica os diferentes gobernos autonómicos e os presidentes da Xunta de Galicia e valora as súas actuacións.</li><li>■ 10.9.3.Caracteriza a sociedade galega actual desde o punto de vista demográfico e socio-económico.</li><li>■ 10.9.4. Elabora un eixe do tempo no que sitúa os diferentes mandatos dos presidentes autonómicos e os feitos más significativos das súas actuacións.</li></ul>	CSC CAA CCL CMCCT CD

## 7. METODOLOXÍA DIDÁCTICA

A metodoloxía didáctica empregada para desenvolver esta materia debe favorecer o traballo individual e en grupo, o pensamento autónomo, crítico e rigoroso, o uso de técnicas e hábitos de investigación, a capacidade do alumnado de **aprender por si mesmo** e a transferencia e a aplicación do aprendido. Ademais, preténdese exercitar ao alumnado nos procedementos habituais do historiador: **natureza, tipoloxía e importancia das distintas clases de fontes históricas, análise e utilización crítica das mesmas, contraste de interpretacións historiográficas e utilización de información procedente dos medios de comunicación de masas para achegarse ao coñecemento da realidade actual**.

**As tecnoloxías da información e da comunicación** deben ser utilizadas como unha ferramenta necesaria para a aprendizaxe, tanto polo seu carácter imprescindible na educación superior como pola súa utilidade e relevancia para a vida cotiá e a inserción laboral.

A natureza específica da historia -multiplicidade de factores que interveñen nunha realidade humana, cambio permanente mais non uniforme nin no tempo nin no espazo e irrepetibilidade dos feitos- condúcenos a que nesta disciplina, en canto materia de ensinanza-aprendizaxe, debamos ter en conta as seguintes consideracións didácticas:

- ✓ **A forma de acceder ao coñecemento histórico non é uniforme dentro da propia disciplina.** Inflúen a parcela espacial e cronolóxica que se considere. Non nos acercamos cos mesmos medios ao coñecemento histórico máis afastado no tempo e no espazo que a unha época próxima. Polo tanto, os medios que se utilicen non deben ser idénticos ao longo de todo o desenvolvemento da materia.
- ✓ Na clase,( este curso non haberá, polo menos de inicio, titorías presenciais por mor da pandemia Covid19, pero si se graban ) no caso do noso les, titoría presencial, de Historia fanse comentarios sobre valores e sobre actitudes e ao facelo transmítense mensaxes. Isto fai o seu estudio vulnerable a interferencias políticas e a que, con frecuencia, se confundan consideracións de orde política e ideolóxica con consideracións de tipo educativo. Polo que **se procurará tratar os temas de estudio con obxectividade e non emitir xuízos de valor.**
- ✓ **A motivación** é un aspecto importante para acadar unha ensinanza eficaz. Para promover que sexa positiva, é necesario que os temas de estudio conecten directamente cos intereses do alumnado. **O emprego de medios audiovisuais, o achegamento a problemas do seu contorno, as saídas programadas ( no les San Clemente, imposibles de facer), etc. constitúen estratexias motivadoras e atractivas.** Na actualidade cotiá do alumnado, agora mesmo, hai situacións e referentes históricos suficientes.
- ✓ Partindo destas consideracións **as distintas Unidades Didácticas deben enfocarse non como un conxunto de feitos illados, senón como un conxunto de procesos e de problemas nos que se analicen as súas causas e as súas consecuencias e as relacións existentes entre elas.** Para isto, os medios non son só materiais ( fontes e instrumentos), senón tamén **conceptuais e de léxico propio desta disciplina que hai que adquirir comprensivamente.**
- ✓ **De feito se lles proporciona unha bibliografía complementaria (diccionario histórico e de consulta, así como enlaces a videos e páginas de internet axeitadas ao que están a traballar en cada momento do curso).**
- ✓ Na ensinanza da Historia, e en función dos contidos a tratar, empregaremos **distintas estratexias metodolóxicas.** A exposición do profesor/a será necesaria, sobre todo, ao tratar **contidos conceptuais de maior complexidade porque lle permitirá ao alumnado un mellor acceso a eles.** Para outros contidos, as estratexias de descubrimento ou de indagación, mediante materiais que se lle proporcionen, tamén serán necesarias porque o alumnado, ao indagar en diversas fontes, constrúen ao seu propio coñecemento en lugar de recibir a información xa elaborada. **Engado a dificultade que supón o ensino on-line, áinda que o intentei varias veces, é complexo, difícil e non obtiven especiais resultados, agás algún puntual.**
- ✓ O plan de traballo dunha clase variará segundo os temas a tratar:
  - Para a ensinanza de parcelas más antigas que é difícil que o alumnado se sitúe, ou para aspectos da Historia que, polo seu afastamento espazo-temporal, non teñen unha repercusión recoñecible no contorno, sería:
    - A presentación dos problemas por parte do profesor/a.
    - A consideración conxunta profesorado-alumnado das distintas alternativas posibles de interpretación.
    - O acordo sobre a natureza e sobre as causas do proceso histórico en cuestión.
    - A ilustración e comprobación das conclusións con exemplos concretos, sempre que sexan procesos xerais.

- **Para abordar os aspectos relacionados co mundo actual e para o estudo de aspectos da Historia más próxima, a vía sería partir do concreto para chegar ao abstracto e, apoiándose en datos do contorno próximo, inducir a curiosidade de por que é así e ir relacionando a historia local cos seus condicionantes externos para intentar alcanzar unha comprensión de estruturas e de procesos más amplos, pois non se pode entender o medio no que se desenvolve o alumnado desconectado das súas referencias más xerais.**
- A primeira das actividades de cada unha das Unidades Didácticas actuará de ámbito motivador para o tema das mesmas e para que o alumnado manifeste as súas opinións e sexan conscientes do que coñecen e do que descoñecen. Así o profesor/a estará en condicións de axustar a proposta de actividades, incorporando as conclusións desta primeira sesión. A presentación pode ser distinta en cada caso: enquisa, **visualización dun fragmento dun vídeo, observación de gráficos, comparación de debuxos, pinturas, fotografías, etc.**
- ✓ Das actividades de desenvolvemento das Unidades **obterase información** para a avaliación en tres niveis:
- **Traballo individual**, no que se terán en conta aspectos como:  
 -A capacidade de descripción, de relación e de análise dos conceptos históricos.  
 -**A expresión e a comprensión** dos mesmos tanto de forma oral como escrita.  
 - Os conceptos específicos da U.D.  
 - O desenvolvemento de actitudes cara á materia.

Nos gustaría poder traballar deste xeito, pero o ensino de persoas adultas é moi diferente, sobre todo neste caso, porque é on-line e ainda que si visionamos tramos de películas e curtas que explican resumidamente partes interesantes da Historia, así como se lle recomenda ver , ler e traballar sobre algúns episodios e bibliografía, é complexo facer un seguimento deste forma de traballo.

- **O traballo en grupo**, no que se fai especial fincapé porque permite unha distribución de tarefas, axuda á asunción de responsabilidades persoais e enriquece a calidade das actividades.(Bastante complicado de facer no IES San Clemente)
- **O funcionamento da clase (Titoría grabada no caso do IES San Clemente e más ainda por mor da Pandemia Covid19).** Neste caso os datos para a avaliación derivan dos dous niveis anteriores e proporcionan unha información xeral importante tanto para o profesorado como para os titores e titoras. Matizando que no IES San Clemente, non hai "clase" como tal, senón dúas **tutorías presenciais á semana que deberían ser más participativas** , pero ao alumnado áinda lles custa certo traballo comprender que non é unha clase ao estilo do bacharelato presencial.Por ende , neste curso e por causa da "Pandemia da Covid 19", sen asomo de presencialidade.

Os **instrumentos de avaliação** más adecuados dentro desta planificación son:

- **A observación**, que nos permitirá seguir o ritmo da clase en canto á adquisición dos contidos conceptuais e dos procedementos e, sobre todo, dos actitudinais tanto no que se refire ao interese pola materia como ás actitudes sociais más relevantes, tales como a convivencia, o respecto, a tolerancia, a solidariedade e a participación crítica.
- **As probas**, que teñen o mesmo carácter que as actividades de desenvolvemento das U.D. e polo tanto adoptarán formulacións semellantes, **reflectirán únicamente os contidos traballados e**



estableceranse nun contexto de negociación das mesmas co alumnado a quen van orientadas. Así que calquera das actividades que se presentan é susceptible de ser, ao mesmo tempo, actividade de aprendizaxe e de avaliación.

- Os traballos de clase e os traballos voluntarios permiten un seguimento do nivel de organización que van acadando os alumnos/as: busca de fontes, organización dun guión, planificación dos pasos a seguir, corrección do emprego de información gráfica ou estatística, etc. Débense alternar os traballos escritos con outros de exposición oral e en formatos dixitais. Con respecto á busqueda de fontes e aos traballos , dicir que , no IES San Clemente, non son availables, xa que non é doado facer un seguimento dos mesmos, pero sí se recomenda ao alumnado que fagan os exercicios de autoavaliación, cuestionarios e más de achegamento á titoría para poder ter unha visión do progreso do alumnado e a corrección dos errores que poidan cometer á hora de facer composicións históricas e comentarios de documentos varios (textos, gráficos, mapas, imaxes...etc).
- Neste curso 20-21, e por mor da Covid 19, teñen un traballo “voluntario” sobre unha obra histórica ou unha película de varias que teñen para escoller, de tal xeito que se fan un traballo “orixinal, reflexivo, comparativo e non copiado” poderán obter ate un punto ao remate do curso

## 8. CONTIDOS BÁSICOS INICIAIS E MODELO DE EXAME

Tendo en conta a implantación da LOMCE de xeito "definitivo" no curso 18-19, hai que matizar algúns contidos e a composición dos exames:

### 1. DEFINICIÓN (ata 2 puntos):<sup>1</sup>

- Mantéñense os 49 termos da ABAU 2018
- Incorpóranse 21 termos novos ata completar os 70 previstos:
  - Bloque 1 (Prehistoria/Historia Antiga): 7 termos
  - Bloque 2 (Historia Medieval): 7 termos
  - Bloque 3 (Séculos XVI-XVII): 7 termos

### 2. PREGUNTA A DESENVOLVER NUNHA CARA DE FOLIO (ata 3 puntos):

- Desaparecen as preguntas de Historia Contemporánea
- Incorpóranse 13 preguntas novas:
  - ✓ Bloque 1 (Prehistoria/Historia Antiga): 4 preguntas
  - ✓ Bloque 2 (Historia Medieval): 4 preguntas
  - ✓ Bloque 3 (Séculos XVI-XVII): 5 preguntas
  - Redúcense e remodélanse as preguntas do século XVIII: 4 preguntas

### 3. COMPOSICIÓN DE TEXTO HISTÓRICO (ata 5 puntos):

- Posto que a redución de contidos de Hta. Contemporánea se adiantou a ABAU 2018:
  - Mantéñense as composicións da ABAU 2018, aínda que se modifican tres enunciados:

<sup>1</sup> Anexo á Programación se engadirá a circular achegada pola CIUG cos novos contidos especificados. Así mesmo dito Anexo, se xuntará nun arquivo en "Información do Curso" na Aula Virtual.



- ✓ A Restauración (retorno da monarquía e constitución de 1876)
  - ✓ A cuestión nacional no último terzo do século XIX
  - ✓ As grandes reformas da II República
- As composicións poderán incluír documentos de Historia de Galicia

As unidades que hai que preparar a fondo son a partir da unidade 2 ata a actualidade, que corresponden ós séculos XVIII, XIX e XX, é dicir, a Historia de España Contemporánea. Así que destes temas serán extraídos os textos que formarán parte do **comentario de textos ou composición** nas tres avaliaciós.

Como o alumnado dispón dunha plataforma educativa na que pode traballar e unha guía electrónica de contidos, actividades e ferramentas de intervención, as actividades realizadas polo alumnado e enviadas á profesora da materia contarán positivamente para conformar a nota da avaliação **no caso de dúbidas**, para axudar ao alumnado que demostra interese e capacidade de esforzo. Tamén **se terá en conta** positivamente aquel alumnado que participa a miúdo a través da plataforma educativa, incluíndo os diferentes foros de discusión ou aprendizaxe.

Os contidos que se amplían para facilitar o estudio do alumnado entrarán na avaliação correspondente, non só os que figuran na guía electrónica. Sempre estas ampliacións que facilitan o traballo ao alumnado serán complementarias e non substituirán ao manexo da guía.

#### • TIPOS DE CONTIDOS

	PREGUNTAS a desenvolver nunha cara de folio	Termos para definir
Bloque 1: <u>Prehistoria &amp; Historia Antiga</u>	<ol style="list-style-type: none"><li>1. Neolítico: características e cambios con respecto á época Paleolítica (cambios económicos, sociais e culturais).</li><li>2. Os pobos prerromanos da Península Ibérica (pobos do sur e do levante, meseteños e do occidente peninsular)</li><li>3. Conquista e romanización (etapas da conquista, elementos de romanización: organización político-administrativa do territorio, lingua e cultura, obras públicas).</li><li>4. A monarquía visigoda (organización política).</li></ol>	<ul style="list-style-type: none"><li>• <b>Aula Regia</b></li><li>• <b>Bárbaros</b></li><li>• <b>Castro</b></li><li>• <b>Conventus</b></li><li>• <b>Economía predadora</b></li><li>• <b>Guerras Cántabras</b></li><li>• <b>Megalitismo</b></li></ul>
Bloque 2: <u>Historia Medieval</u>	<ol style="list-style-type: none"><li>5. Os musulmáns na Península Ibérica (etapas políticas e realidade socioeconómica).</li><li>6. Reconquista e repoboación (etapas da Reconquista, modelos de repoboación).</li></ol>	<ul style="list-style-type: none"><li>• <b>Carta de Poboamento</b></li><li>• <b>Manso</b></li><li>• <b>Marca Hispánica</b></li><li>• <b>Mesta</b></li><li>• <b>Mozárabe</b></li></ul>



	<p>7. O Réxime feudal e a sociedade estamental</p> <p>8. As crises baixomedievais (crises demográficas, problemas sociais, o caso galego: as revoltas irmandiñas do século XV).</p>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Presura</li><li>• Taifas</li></ul>
<b>Bloque 3: <u>Séculos XVI-XVII</u></b>	<p>9. A nova monarquía dos Reis Católicos (unión dinástica, reorganización político-administrativa).</p> <p>10. A configuración do imperio español no século XVI (a heranza de Carlos I, os cambios en tempos de Felipe II: rebelión de Flandes, incorporación de Portugal, guerra contra Inglaterra).</p> <p>11. A crise socio-económica do século XVII (a crise demográfica, o deterioro da economía, os problemas da facenda real).</p> <p>12. O valimento do conde-duque de Olivares e a crise da monarquía (os proxectos de reforma, as revoltas de Cataluña e Portugal).</p> <p>13. Economía e sociedade na Galicia dos Austrias (a agricultura e as súas transformacións, a importancia da pesca na Galicia litoral, a estrutura social: sociedade rendista e peso da fidalguía)</p>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Converso</li><li>• Gran Armada</li><li>• Mourisco</li><li>• Terzos</li><li>• Unión de Armas</li><li>• Valido</li><li>• Xuntas do Reino de Galicia</li></ul>
<b>Bloque 4: <u>Século XVIII</u></b>	<p>14. O cambio dinástico e a guerra de Sucesión (causas da guerra, bandos en conflito, a paz de Utrecht)</p> <p>15. Os Decretos de Nova Planta e os seus efectos.</p> <p>16. O reformismo borbónico en Galicia (a matrícula de mar, o arsenal de Ferrol, a apertura do comercio colonial).</p> <p>17. As ideas fundamentais do pensamento ilustrado</p>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Antigo Réxime</li><li>• Catastro de Ensenada</li><li>• Decretos de Nova Planta</li><li>• Despotismo Ilustrado</li><li>• Motín de Esquilache</li><li>• Paz de Utrecht</li><li>• Regalismo borbónico</li></ul>

Non se trata de reducir a materia a unha síntese de acontecementos senón de ter os documentos históricos como referentes centrais para, a partir deles, contextualizar, analizar e valorar un determinado proceso histórico.

A aprendizaxe de **conceptos** non é unha memorización de datos e definicións, senón a comprensión da evolución histórica, por iso, non se poden separar das destrezas de procedementos. É dicir, saber algo non pode separarse da maneira como se sabe, e de que fazer con ese saber. Por iso, os contidos mínimos van



referidos na práctica aos conceptos, procedementos e actitudes, que se aprenden de forma conxunta, e non por separado.

Respecto aos contidos procedimentais, é evidente que o alumnado debe manexar fundamentalmente a **composición de textos**, ao redor da que xira toda a aprendizaxe da materia. Entendendo por texto calquera documento de tipo histórico, non só **textos escritos, orixinais ou bibliográficos, que serán a base fundamental, pero tamén haberá que saber comentar mapas, que son tamén documentos históricos, táboas de datos estatísticos, gráficas e fotografías históricas, así como interpretar carteis de propaganda ou caricaturas da época**.

Subliñamos que o procedemento fundamental é a técnica do comentario ou composición, por iso, tódolos documentos que se propoñan para traballar estarán debidamente identificados (autoría, data, obra,...); irán precedidos de aclaracións para centrar o tema principal, e non é aconsellable a súa clasificación tipolóxica, xa que non aportan nada ao comentario e pode ser confusa.

Tamén cabe recordar que calquera comentario escrito esixe respectar as **pautas básicas da expresión escrita: precisión léxica, corrección de sintaxe, claridade na expresión e presentación correcta**.

O comentario ou composición de textos será único, facendo unha redacción, polo que non é aceptable a análise de cada documento por separado, ao romper a estrutura unitaria da redacción. O comentario de textos debe conter os seguintes pasos, xa indicados tamén na guía da materia: introdución, contextualización, análise dos coñecementos centrados nos documentos e conclusión ou crítica persoal. Este último aspecto é persoal; pero as valoracións persoais deben sustentarse nos coñecementos históricos non en valoracións éticas ou morais individuais.



	<b>COMPOSICIÓN de texto histórico</b>	<b>Termos para definir</b>
<b>Bloques 5-8: <u>Século XIX</u></b>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. A crise da monarquía absoluta (abdicacións, ocupación napoleónica).</li> <li>2. As Cortes de Cádiz e a constitución de 1812.</li> <li>3. A restauración de Fernando VII e do absolutismo (as etapas do reinado).</li> <li>4. A construcción do estado liberal (principios do liberalismo e diferenzas entre as diferentes familias políticas).</li> <li>5. A Revolución Gloriosa e a constitución de 1869.</li> <li>6. A primeira república (proxecto de constitución federal e cantonalismo).</li> <li>7. A Restauración (retorno da monarquía e constitución de 1876).</li> <li>8. A vida política da Restauración (quenda, caciquismo e fraude electoral).</li> <li>9. A cuestión nacional no último terzo do século XIX.</li> <li>10. A reforma agraria liberal: as desamortizacións.</li> <li>11. Os principais sectores industriais e o papel do ferrocarril.</li> <li>12. O movemento obreiro (Sexenio Democrático e Restauración)</li> </ol>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Afrancesados</li> <li>• Abdicacións de Baiona</li> <li>• Caciquismo</li> <li>• Cantonalismo</li> <li>• Desamortización</li> <li>• Encasillado</li> <li>• Estatuto Real</li> <li>• Ludismo</li> <li>• Manifesto dos Persas</li> <li>• Manifesto de Sandhurst</li> <li>• Pragmática sanción de 1830</li> <li>• Pronunciamento</li> <li>• Pucheirazo</li> <li>• Rexeneracionismo</li> <li>• Sistema de Quenda</li> <li>• Sufraxio Censitario e Universal (Masculino e total)</li> <li>• Tratado de Valençay</li> <li>• Unión Liberal</li> </ul>
<b>Bloques 9-12: <u>Século XX</u></b>	<ol style="list-style-type: none"> <li>13. A crise da Restauración, a desarticulación do sistema canovista).</li> <li>14. A crise de 1917, os gobernos de concentración e a guerra de Marrocos.</li> <li>15. A ditadura de Primo de Rivera (golpe de estado e etapas: delimitación temporal e características principais).</li> <li>16. O establecemento da II República (forzas políticas e constitución de 1931).</li> <li>17. As grandes reformas da República.</li> <li>18. A guerra civil: sublevación, bandos en conflito e a súa dimensión internacional.</li> <li>19. O franquismo: características e institucionalización.</li> <li>20. O franquismo: as formas de oposición ao Réxime.</li> <li>21. O franquismo: política económica</li> <li>22. A agonía do franquismo e os inicios da Transición.</li> <li>23. As primeiras eleccións democráticas e a constitución de 1978</li> <li>24. A crise da UCD e o golpe de estado</li> <li>25. A consolidación da democracia: os gobernos do PSOE.</li> </ol>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Agrarismo</li> <li>• Bienio Negro</li> <li>• Brigadas Internacionais</li> <li>• CEDA</li> <li>• Contubernio de Munich</li> <li>• Desastre de Annual</li> <li>• Directorio Militar</li> <li>• Expediente Picasso</li> <li>• FAI</li> <li>• FET das XONS</li> <li>• Frente Popular</li> <li>• Lei para a Reforma Política</li> <li>• Lexión Cóndor</li> <li>• Nacional-catolicismo</li> <li>• Pacto de San Sebastián</li> <li>• Pactos da Moncloa</li> <li>• Plan de Estabilización</li> <li>• Plataxunta</li> <li>• Sanjurjada</li> <li>• Sección Feminina</li> <li>• Semana Tráxica</li> <li>• Sindicato vertical</li> </ul>



		<ul style="list-style-type: none"><li>• UCD</li><li>• Unión Patriótica</li></ul>
--	--	--

## **7.1. AS RAÍCES DA ESPAÑA CONTEMPORÁNEA**

É aconsellable que o alumnado recorde os aspectos esenciais da Historia de España previos ao mundo contemporáneo, sobre todo no que se refire á agrupación progresiva das unidades político-territoriais, que acabarán integrando a Coroa española.

As raíces históricas de España abranguen dende Atapuerca, as sociedades de cazadores-recolectores, pasando polos reinos cristiáns e musulmáns da Idade Media ata o auxe e decadencia do Imperio español cos reis Católicos e logo cos Austrias.

É preciso recoñecer o medio xeográfico da Península Ibérica para comprender determinados asentamentos de recolectores- cazadores, facendo fincapé en Atapuerca e os seus descubrimientos arqueolóxicos para deducir as formas de vida.

Tamén debe o alumnado sintetizar por orde cronolóxica as primeiras noticias escritas que dan testemuñas das invasións, e colonizacións (gregos, íberos, celtas...) antes da chegada dos romanos.

Entender o proceso de romanización de Hispania, integrándose como unha provincia no Imperio ata a chegada dun pobo xermánico ao Imperio romano occidental, os visigodos, que tamén deixaron o seu legado e permaneceron na Península ata a invasión musulmá do 711.

### **Al-Ándalus e os primeiros reinos cristiáns.**

O alumnado debe coñecer o proceso de expansión islámica na Península, facendo fincapé especialmente no período de máis esplendor da sociedade musulmana, o Califato de Córdoba no século X, que nos presenta un alto grao de desenvolvemento económico, social e cultural, unido ademais á tolerancia relixiosa, contra o que moitas veces se dí. Á súa vez temos que comprender o proceso de formación dos primeiros reinos cristiáns e o seu desenvolvemento, unido á reconquista territorial e á repoboación do territorio, que dará como resultado o afianzamento de lazos individuais e persoais de dependencia , que será considerado como a feudalización social.



### Expansión e crise dos reinos cristiáns.

Analizar como os reinos de Castela e León e a Coroa de Aragón chegan a partir do século XIII á súa máxima expansión territorial, desprazando aos musulmáns cara ó Sur. Pero ademais, o alumnado deberá comprender como funcionan estes reinos: Castela e León, Aragón e Navarra, nas súas estruturas políticas (Monarquía, Cortes e Municipio), nas súas estructuras económicas e as loitas políticas polo poder entre os tres reinos, facendo unha análise máis polo miúdo do conflito entre a Monarquía e a nobreza medieval (Trastámarra en Castela) e a guerra civil en Navarra e en Cataluña.

O contexto desta situación é a crise dos séculos XIV e XV (crise demográfica, económica e social).

### Os Reis Católicos. A empresa americana.

O alumnado deberá entender o concepto de Monarquía autoritaria e coñecer as bases sobre as que os Reis Católicos asentaron un Estado moderno: administración central ligada aos concellos, cortes e municipios.

Haberá que analizar o proceso de pacificación dos distintos territorios e sobre todo, analizar o obxectivo máis importante para os Reis Católicos: a uniformización relixiosa, co que conleva como consecuencias de intolerancia e persecución dos fieis doutras crenzas relixiosas, vendo como foron expulsados do país, e en que momentos. Nesta época é cando están en auxe as relacións feudais, baseadas nos privilexios legais dos estamentos sobre a base da poboación, o campesinado, así que é preciso analizar as derivacións deste tipo de organización social estamental, para comprender máis adiante a estrutura social española, no século XVIII e XIX.

Sintetizar a conquista e colonización de América como forma de explotar as súas riquezas e comprender as consecuencias da colonización, tanto para as Indias como para España.

### Auxe e decadencia do Imperio español.

Analizar como chega ao trono español a dinastía dos Austrias, e coñecer a problemática familiar que da lugar a que Carlos I concentre nas súas mans unha heranza de enormes dimensíons territoriais. Comprender o papel desenvolvido no século XVI polo rei Carlos I no seu intento centralizador, e no papel de Felipe II com representante do catolicismo intransixente e fanático. Toda esta situación haberá que enmarcala no contexto xeral da Reforma protestante e a Contrarreforma católica.

Así mesmo haberá que trazar as liñas xerais do proceso de expansión imperial a finais do século XVI para defender a idea dun Imperio católico, e as consecuencias deste feito, tanto nas loitas externas como nas do propio interior de España. Ademais analizar como se estruturaban as institucións da monarquía dos Austrias, porque non era un estado unitario, polo que haberá que entender a preeminencia de Castela e a conservación de institucións propias dos demás reinos, e ver como se encaixaban no goberno, porque veremos no século XIX reaparecer estos privilexios nos intentos centralizadores dos Borbóns. A decadencia imperial comeza no século XVII cos últimos Austrias e o alumnado debe entender as causas da perda de hexemonía política española en Europa, sen esquecer os grandes trazos da economía predominante no interior do país, de base fundamentalmente agrícola, e a evolución social, que ainda sendo estamental, comenzará a ser variada, derivada das mesturas relixiosas e da aparición doutras actividades urbanas, ainda que minoritarias.

## 7.2. A TRANSICIÓN DO ANTIGO RÉXIME Á ESPAÑA CONTEMPORÁNEA.

É aconsellable lembrar e identificar, utilizando un mapa, os distintos reinos que terminarán configurando o Estado español.

### O centralismo borbónico.

Debe ser estudiado en termos xerais: trala Guerra de Sucesión, a nova dinastía intentou centralizar o poder dos monarcas e fortalecer a autoridade absoluta do monarca. Con este fin, Felipe V:



-promulga os Decretos de Nova Planta, que supoñen a perda da autonomía política dos reinos que conformaban a Corona de Aragón, aínda que manteñen a do País Vasco.

-introduce unha serie de cambios na estrutura do Estado e da Administración, suprimindo ou deixando sen funcións, as antigas institucións e corporacións e creando outras novas.

Cabe ter en conta os límites do proxecto unificador, que non se leva a cabo nalgúns aspectos importantes: por exemplo, subsiste o dereito civil catalán e mantéñense as diferenzas entre os sistemas económicos catalán e castelán.

#### **Elementos económicos, sociais e políticos que definen o Antigo Réxime. O reformismo ilustrado.**

Hai que caracterizar o Antigo Réxime nos aspectos indicados: unha economía de base esencialmente agraria, unha sociedade estamental e maioritariamente rural, e unha concepción absolutista do poder político. Con este trazos o alumnado debe comprender os perfís esenciais do mundo que está a piques de desaparecer.

Sobre o reformismo ilustrado, é importante comparar os proxectos dos ilustrados coas reformas sociais e as transformacións económicas levadas a cabo na realidade, intentando comprender e limitar a influencia real das novas doutrinas económicas (fisiocracia, liberalismo) na política da segunda metade do século XVIII, así como entender os atrances cos que se atoparon os ilustrados (estamentos privilexiados, Inquisición, o seu propio moderantismo reformista). Deles resultan as insuficiencias das transformacións e avances que caracterizan ao século XVIII; insuficiencias que marcarán a evolución posterior, e que serán moi visibles nas confrontacións entre partidarios do Antigo Réxime e liberais, que teñen importancia no primeiro terzo do século.

#### **O impacto da Revolución Francesa. A Guerra contra os franceses e a Constitución de 1812.**

O impacto da Revolución Francesa debe ser esencialmente relacionado co medo e reacción que xenera, provocando un frenazo ás ideas reformistas e o peche de fronteiras a calquera idea provinte do exterior. A Guerra da Independencia comtemplarase a partir das facilidades que atopan as tropas francesas na ocupación do territorio español debidas fundamentalmente ao Tratado de Fontainebleau e aos problemas de Godoy e Carlos IV co sector encabezado por Fernando VII. A Guerra debe ser entendida non só como unha loita contra o invasor e dende posturas diferentes, senón tamén na súa vertente revolucionaria, como primeiro intento de construir unha España liberal.

As Cortes de Cádiz son a mellor plasmación dese intento. Deben ser mencionadas as tendencias políticas nelas representadas, e destacarase o esencial do seu labor lexislativo, estudiando os principais decretos (señoríos, morgado, Inquisición); a Constitución de 1812 debe ser ben estudiada nos seus puntos fundamentais (soberanía nacional, sufraxio, división de poderes) e comprendida como a primeira gran referencia do constitucionalismo español.

A Revolución liberal e as reaccións absolutistas no primeiro terzo do século XIX.

Convén distinguir claramente as etapas do reinado de Fernando VII, co fin de percibir o período 1814-1833 como a crise permanente e definitiva do Antigo Réxime, modelo inviable fronte a un liberalismo que, á súa vez, sofre avances e retrocesos ata a morte do monarca.

Como aspecto colateral, pero tamén importante, deberíase relacionar o reinado de Fernando VII co contexto europeo para entender porque as potencias lexitimistas axudan a Fernando nalgúns casos (Trienio Constitucional) e noutros non (perda do Imperio); respecto disto último, convén mencionar a importante repercusión que a perda das colonias americanas terá sobre a economía española do século XIX.

É aconsellable, como forma de enlace co seguinte apartado, facer unha breve referencia aos cambios introducidos polo rei nos últimos anos da súa vida, que conducirán aos absolutistas a apoiar a D. Carlos, orixinándose así un dos problemas máis sobresaíntes que terá que enfrentar a construcción do Estado liberal.

### **7.3. A CONSTRUCIÓN DO ESTADO LIBERAL E AS SÚAS DIFICULTADES.**



No caso de España os confrontamentos sociopolíticos, sen chegar a constituir o factor decisivo no devir histórico do país, sí inciden de maneira importante no ritmo e incluso na natureza de todas as transformacións. De aí que a dimensión política sexa estudiada aparte dende a supresión da monarquía absoluta ata a crise final da monarquía parlamentaria.

Neste ámbito merecen especial consideración, aparte dos avances e retrocesos da democracia representativa, a construcción das estruturas estatais, tanto centrais como periféricas, e as súas carencias, as ideoloxías e os movementos políticos que nacen e se desenvolven ao redor dese proceso e o comezo de reaccións protonacionalistas.

Hai ademais que relacionar esta dimensión política con certos cambios fundamentais no réxime de propiedade da terra e no sistema produtivo, así como cos intereses e aspiracións dos grupos sociais más importantes, para establecer un nexo de unión comprensivo co tema seguinte.

#### **A España isabelina. O carlismo e as opcións liberais. Carlistas e liberais en Galicia. O Estado dos moderados e o seu labor.**

Aínda que no estudo do período isabelino (1833-1868) deben distinguirse etapas diversas, convén centrar a atención nos elementos xerais que lle confiren unidade, porque é a época na que o liberalismo aséntase no poder de forma irreversible, diferenciándose dos precedentes intentos frustrados dende 1808.

Debe subliñarse a inestabilidade que caracteriza ao réxime, e que ten a súa mellor plasmación nas catro Cartas Magnas elaboradas. Dende a Carta Outorgada de 1834 (Estatuto Real), aparecen perfiladas as dúas tendencias do liberalismo español, os moderados e os progresistas, protagonistas do xogo político reflectido en tres Constitucións (1837, 1845, 1856). É importante que o alumnado coñeza os principios liberais que as informan, como a soberanía nacional, a división de poderes ou a representatividade mediante sufraxio; pero debe facerse fincapé no moderantismo predominante na etapa isabelina, o que leva a que a Constitución de 1845 sexa a más duradeira, atemperándose nela os presupostos liberais sinalados: soberanía compartida Rei-Cortes, Cámara Alta de designación real e vitalicia.

E todo nun contexto de maior ou menor limitación no sufraxio, segundo sexan moderados ou progresistas (estes en curtas parénteses) os que ocupen o poder.

A hexemonía moderada apréciase tamén no ámbito da orde pública: neste terreo debe ser mencionada a substitución da progresista Milicia Nacional pola moderada Garda Civil en 1844.

É preciso salientar o papel que o Exército desempeña na vida política: as guerras que desde 1808 teñen no liberalismo o seu telón de fondo e uns mandos que xa non sempre son de procedencia nobiliaria explican a presenza praticamente constante de militares no poder político ou no seu entorno cercano, así como que o pronunciamento sexa o mecanismo de tránsito do moderantismo ao progresismo. En canto ao sistema de recrutamento, o alumnado debe coñecer a implantación do servizo militar obligatorio, en consonancia co presuposto liberal que considera á Nación como conxunto de cidadáns, polo que a todos atinxe a súa defensa; pero, débese mencionar a posibilidade de redimir o servizo militar mediante o pago dunha cantidade de cartos, o que converte á quinta nunha obriga únicamente para as clases menos favorecidas.

No ámbito administrativo, o alumnado debe saber que neste período se avanza na centralización e homoxeneización, seguindo postulados do século XVII mesturados coa idea de liberdade.

É mester centrarse na nova ordenación territorial (provincias, municipios) a partir do deseño de Javier de Burgos en 1833, atendendo tamén aos mecanismos políticos para o seu control (Deputacións, Xefes Políticos, Corporacións locais), e insistindo na uniformización xurídica do Estado e dos cidadáns.

Hai que deterse tamén nas forzas ou tendencias políticas que o doutrinarismo liberal deixa fóra do sistema:

- por unha banda, aqueles que desde posicións absolutistas e lexitimistas cuestionan a monarquía isabelina; o alumnado debe saber que este conflito conduce ao confrontamento bélico cos seguidores de

don Carlos. Cabe sinalar que a necesidade de financiar as guerras carlistas, unida ao intento de anchar a base social do liberalismo nun país esencialmente rural, leva aos sectores progresistas a por en marcha a desamortización, en clara confrontación coa Igrexa, que perde capacidade de amparo social. Neste contexto, procede mencionar como o Estado liberal comenza a asumir funcións sociais de beneficencia, e ademais promulga os primeiros planos de educación, entendida ésta como un servizo público baixo a óptica do laicismo, como se pon de manifesto na Lei Moyano de 1857.

- por outra banda, no extremo oposto ao carlismo, é preciso tratar a aparición desde mediados de século, dos demócratas, que pretendendo o sufraxio universal masculino, contarán cunha base social a cada paso máis ampla e chegarán a protagonizar o xogo político en 1868. Neste mesmo contexto, débese mencionar a tímida aparición da ideoloxía republicana, que só cristalizará en 1873, así como as primeiras manifestacións (ás veces en foma de mobilización contundente) dun proletariado escaso e xeograficamente moi concentrado.

#### **O Sexenio Democrático. A Constitución de 1869. A Primeira República e o federalismo.**

A Gloriosa debe ser presentada en primeiro lugar como unha nova mostra do intervencionismo militar, esta vez asociada a un proxecto civil para resolver a incapacidade do moderantismo isabelino de dar resposta ás aspiracións dos progresistas radicais e dos demócratas. O cambio político concrétese nunha corta e densa etapa na que se suceden dous modelos de Estado, ámbolos dous baixo a fórmula do parlamentarismo democrático. En conxunto, o Sexenio ven da man dunha burguesía progresista que require maior participación popular, se ben tratando de limitar a actividade do movemento obreiro.

O novo réxime entroniza a Amadeo de Saboia ó abeiro da Constitución de 1869, na que cómpre fixar a atención como a más avanzada Carta de liberdades do século XIX, xunto coa republicana. É preciso aludir á representación parlamentaria, caótica na súa aritmética, e ao nacente internacionalismo como principais factores que propician a abdicación do monarca e a proclamación da Primeira República. Sobre ésta, ademais do seu proxecto constitucional (que concibe ao Estado como unha federación), debe coñecerse a loita cantonal que se desencadea, e na que se mesturan os intereses de burguesías locais e dun proletariado influído pola experiencia da Comuna; un cantonalismo que rebasa desde a base o propio federalismo e que asusta á alta burguesía, conducíndoa cara a posicións reaccionarias.

O Sexenio remata cunha nova intervención militar que supón o derrube do réxime republicano; neste punto debe insistirse na identificación definitiva do Exército coa dinastía borbónica, o que permite a súa restauración na persoa de Afonso XII, quen chega ao trono da man de Cánovas del Castillo.

#### **A Restauración. O sistema político da Constitución de 1876 e o seu funcionamento.**

Reposta a dinastía borbónica, comeza a edificación dun sistema político de marcado signo conservador, que se plasma na Constitución de 1876. Entre as súas principais características, cómpre citar o recoñecemento das liberdades individuais, a soberanía compartida entre o Rei e unhas Cortes bicamerais e a declaración do Estado como confesional, se ben reconhecendo a liberdade de cultos; ademais, deixaba en mans do monarca o nomeamento dos gobiernos e establecía así mesmo que o sufraxio fose regulado por leis posteriores.

Débese apuntar que o documento foi consensuado polos sectores máis altos da burguesía, que pretenden superar así os cambios que de maneira brusca caracterizaban á política española, configurando unha alternancia no poder mediante a quenda de dous partidos. É mester entender que o modelo bipartidista, xa con sufraxio censitario, xa con sufraxio universal a partir de 1890, manterase gracias á componenda entre o poder central e as súas correas de transmisión no ámbito local: os caciques. O sistema de Cánovas del Castillo presentará unhas Cámaras que para nada reflicten a participación popular, que era moi baixa.

#### **A crise da Restauración. Do desastre de 1898 á folga xeral de 1917. O rexeneracionismo e a xeración do 98. O republicanismo.**

O sistema así establecido, distanciado da cidadanía, irá pasenxamente acumulando un desprestixio institucional que se suma ao internacional. O desastre do 98 debe ser visto como o cumio desta situación: a perda das últimas colonias ultramarinas comporta danos humanos, económicos e morais que se deixarán

sentir en toda a sociedade, pero dos que o Exército ( moi unido á Monarquía e ó conservadurismo) sairá moi mal parado.

Neste contexto, convén insistir na significación da xeración do 98 e sobre todo dos rexeneracionistas (Costa, Picavea); as súas opinións, tan doentes como críticas, poñen de manifesto as “inconveniencias” do sistema canovista, anunciando a longo prazo a súa descomposición e o cuestionamento mesmo da Monarquía como forma de Estado.

Débese subliñar a prolongación desta crise, que se inicia no cambio de século e que ten o seu último acto no ascenso ao poder de Primo de Rivera. É preciso nestas dúas décadas facer referencia óaos ineficaces intentos de reaccionar promovidos dende o interior do propio sistema; entre eles pódense destacar: a intención de Maura de pulir as deficiencias da práctica política, a pretensión de crear “partidos bisagra”, o desexo de lavar a honra do Exército con campañas africanas, ou a estéril integración dalgúns importantes políticos da periferia, como foi o caso de Cambó.

Fronte a estes intentos, deben citarse os factores que progresivamente van minando o sistema; atendendo principalmente a:

- A presenza cada vez más relevante de forzas políticas perpetuamente marxinadas polo réxime da Restauración, entre as que cómpre destacar aos republicanos, ao Partido Socialista Obrero Español e os varios nacionalismos periféricos.
- A conflitividade social (débense lembrar datas como 1909, 1917 –folga xeral- ou 1921), alimentada polas crises económicas e que se inserta no contexto dun proletariado europeo en constante axitación e ás veces triunfante.

#### **Os comezos da cuestión nacional en España: rexionalismo e nacionalismo en Galicia, País Vasco e Cataluña.**

Paralelamente a esa evolución do sistema da Restauración, asístese á eclosión dos movementos económico-culturais da periferia. O recoñecemento de identidades históricas diferenciadas conduce á constitución de grupos políticos que defenderán presupostos rexionalistas. Entre eles cómpre citar a Lliga de Catalunya e Unió Catalanista (redactora das Bases de Manresa) e o Partido Nacionalista Vasco, atopando uns e outros o seu referente intelectual en Galicia en Alfredo Brañas. Así, fronte á idea de España como unidade, consolídanse os nacionalismos catalán e vasco. Débese mencionar así mesmo un galeguismo menos consolidado que, partindo do agrarismo de Basilio Álvarez, terá a súa más destacada manifestación na Asamblea de Lugo das Irmandades da Fala.

#### **7.4. AS TRANSFORMACIÓNS SOCIOECONÓMICAS DENDE COMEZOS DO SÉCULO XIX ATA A GUERRA CIVIL.**

As transformacións socioeconómicas que se producen na dilatada xénese da España contemporánea teñen entidade suficiente como para tratarlas en sí mesmas e na súa relación cos feitos de índole política e ideolóxica. Todas elas están a súa vez relacionadas entre si, de forma que non se pode entender o fracaso relativo da industrialización en España ou o fenómeno migratorio sen coñecer o que sucede coa terra e a agricultura ou cos transportes. Hai que vincular os conflitos sociais e a aparición de organizacións de carácter sindical urbanas ou agrarias, tanto cos procesos socioeconómicos como cos políticos. Teremos que analizar as distintas transformacións por separado, para entendelas.

Trátase dunha etapa demasiado longa no tempo, polo que centraremos a atención no que realmente é o século XIX histórico, prolongando este nos aspectos socioeconómicos que aquí se abordan ata os anos da Primeira Guerra Mundial (1914/18), evitando superposicións con outro apartados (Ditadura de Primo de Rivera ou a Segunda República), e para manter a consonancia cronolóxica.

**A revolución liberal e o cambio agrario. As desamortizacións. A evolución diverxente das agriculturas en España. O caso galego.**



A revolución agraria, de modo semellante óao ocorrido noutros estados de Europa occidental, forma parte do proceso de construcción do Estado liberal en España. O alumnado deberá coñecer os pasos básicos desta transformación, centrada fundamentalmente no ámbito lexislativo e que, no seu conxunto, constitúe a desamortización. Para acadar unha mellor comprensión das medidas tomadas e do seu alcance real, convén partir da situación xeral da propiedade da terra e da súa explotación a comezos do século XIX, así como o obxectivo final e global do proceso desamortizador: transformar a terra nunha propiedade privada libre de trabas e susceptible de ser explotada con criterios capitalistas.

Hai que analizar o conxunto de medidas desamortizadoras nas súas características básicas, pero o alumnado deberá tamén coñecer as fases e leis más significativas do proceso: inicio (decretos de Cádiz), desamortización eclesiástica (Mendizábal, Espartero) e desamortización civil (Madoz). Para comprender mellor o conxunto da revolución agraria, convén relacionar estas medidas con outras, tamén importantes, destinadas a mudar o réxime de propiedade da terra, como foi a desvinculación dos señoríos.

O proceso desamortizador sendo tan complexo, debe ser analizado non só no seu aspecto económico (transformación da propiedade, ingresos para o Estado), senón tamén dende outros puntos de vista, como o político (gañar adeptos para a causa liberal progresista), social (fracaso do obxectivo de dar acceso á propiedade da terra a unha masa importante de campesiños, impactos negativos en determinadas zonas pola supresión de comunais), ou cultural (perda de importante patrimonio artístico po mor da exclastración, incidencia no descenso de escolas rexidas por mosterios).

É preciso deterse no caso galego pola súa especificidade, destacando o papel do foro na explotación da terra e como este condicionou os efectos da desamortización, sobre todo da eclesiástica.

A pesar das moitas e destacadass medidas legais do Estado liberal, non se logra unha auténtica modernización da agricultura e, polo tanto, do máis importante factor de renovación económica no século XIX. Neste sentido, cabe destacar a importancia do mantemento dos vellos sistemas de explotación agropecuaria, así como analizar os principais elementos negativos no fracaso da modernización do sector agropecuario español (proteccionismo estatal, condicións naturais, carencia de capitais,...), relacionando este fracaso cos restantes aspectos económicos directamente relacionados (a agricultura non xerou excedentes precisos para obter capitais suficientes cos que potenciar a industrialización).

No panorama global da España do século XIX é posible, sen embargo, apreciar importantes diferenzas entre zonas peninsulares dende o punto de vista da explotación agropecuaria, polo que convén deterse neste feito. O diverso impacto dos procesos desamortizadores permitiu, nalgúns casos, levar adiante un proceso de modernización (novos produtos, aumento da superficie cultivada, da producción e da produtividade, progresivo emprego de abonos e semente seleccionadas, difusión de avances técnicos e científicos, introdución de maquinaria), mentres que noutros contribuíu a un estancamiento da explotación agropecuaria, que se mantén en niveis próximos aos do Antigo Réxime, e a un recrudecemento da situación social.

Estes contrastes poden ser abordados centrando a atención nalgún exemplo de carácter extremo: por exemplo, os progresos de Levante en contraste coa situación de Andalucía.

### **Industrialización e desindustrialización na España do século XIX: pautas rexionais. Factores internos e externos da evolución económica. O crecemento do primeiro terzo do século XX.**

O alumnado deberá reflexionar sobre a controversia historiográfica arredor de se realmente podemos falar en España de revolución industrial ou unicamente de cambios, como balance do tema ou como iniciación. Debe coñecer as principais características do proceso de industrialización español: enfrentamento librecambio/proteccionismo e a súa incidencia en zonas e produtos, escaseza de materias primas e de fontes de enerxía, dependencia do exterior, escaseza de capitais e de espírito empresarial, importancia do capital estranxeiro (sobre todo nos sectores mineiro e ferroviario), mercado interior pouco desenvolvido, fortes diferencias rexionais,...

Igualmente, débense tratar as principais zonas industrializadas de España neste período destacando as súas peculiaridades: en Cataluña, onde unha burguesía activa opta pola defensa do proteccionismo, destacarase a importancia do sector téxtil (tradición de manufacturas, papel do algodón, introducción de maquinaria, investimento de capitais), da metalurxia de transformación, da química e dos transportes



(ferrocarril); nas provincias vascas destacarase a industria siderúrxica. Para completar o panorama, pódense analizar outras zonas de menor desenvolvemento noutras rexións que permitan a comparación: por exemplo, Andalucía e o fracaso dunha incipiente industrialización arredor da siderurxia; Madrid e a incapacidade de lograr converterse nun centro industrial; industrias agroalimentarias de escaso desenvolvemento noutras rexións; Galicia e o estancamiento dos dous sectores máis activos (o téxtil polas dificultades orixinadas no proteccionismo ós produtos cataláns, e o conservero por carencia de capitais, escaseza de mercados e falta de modernización das instalacións).

No proceso industrializador cómpre destacar a importancia dos medios de transporte para o desenvolvemento dun mercado nacional e de intercambios múltiples; a este respecto deben ser destacadas as dificultades na construcción e instalación do ferrocarril, proceso no que ademais a articulación do mercado vese mediatisada por obxectivos políticos. Igualmente, convén facer unha breve referencia ás medidas adoptadas por Facenda (especialmente as reformas de Mon e Santillán) para modernizar o sistema fiscal, así como citar o establecemento da peseta como unidade monetaria e a creación da Banca nacional e da Bolsa.

#### **Os caracteres da modernización demográfica da España contemporánea. O débil desenvolvemento das cidades. Os movementos migratorios e a participación de Galicia neles.**

No estudo dos cambios operados na demografía española do século XIX convén partir da exposición dos trazos característicos do modelo demográfico de Antigo Réxime (crises de subsistencias, mortalidade por pestes, altas taxas de mortalidade infantil, abundancia de pobres nas cidades...) e do seu mantemento ata ben avanzado o século, para logo analizar os elementos de cambio: descenso da mortalidade, redución lenta da natalidade, crecemento vexetativo moderado.

Tendo en conta as grandes diferenzas espaciais do crecemento demográfico español, debemos analizar o contraste entre a costa e o interior, así como relacionar o moderado crecemento demográfico xeral e o escaso desenvolvemento industrial, valorando algúns dos máis importantes cambios urbanísticos (urbanización, sistemas de iluminación, comunicacións...).

O fenómeno migratorio no século XIX constitúe un trazo característico do réxime demográfico, polo que debe ser analizado dende a caracterización dos principais tipos de movementos migratorios e das súas causas. É preciso centrar a atención nos movementos exteriores (trasoceánicos), destacando o caso da emigración galega; neste caso débense diferenciar etapas e destinos dos emigrantes, procurando establecer relacións cos acontecementos económicos e políticos dos países receptores.

#### **Os novos grupos sociais. O nacemento e o desenvolvemento do movemento obreiro e do agrarismo. As súas derivacións políticas.**

Aínda que se debe dedicar especial atención á aparición dos novos grupos sociais, convén caracterizar nos seus trazos fundamentais os grupos tradicionais (nobreza, clero e campesiñado), facendo fincapé nas transformacións orixinadas neles como efecto dos procesos desamortizador e industrializador.

Debemos destacar a aparición de novos grupos como a burguesía e o proletariado industrial, en relación co desenvolvemento industrial e o crecemento demográfico. Hai que matizar a diversidade da burguesía en función da súa orixe, actividade e capacidade de actuación para comprender mellor as consecuentes opcións políticas (por exemplo, en relación coa súa participación nos nacionalismos).

Analizar a aparición das primeiras formas de loita e reivindicación proletaria (ludismo, asociacionismo, AIT...), tamén xurdidas en relación co desenvolvemento industrial, así como identificar as principais ideoloxías que inspiran ó movemento obreiro (socialismo, anarquismo), así como as súas más significativas organizacións (UGT, PSOE, CNT).

Igualmente, debemos estudar os principais logros alcanzados polo proletariado nas súas reivindicacións (1º de Maio, dereito de folga, xornada laboral de 8 horas).

Cómpre centrar o estudo do movemento agrarista en Galicia; este debe ser caracterizado en relación cos problemas do campesiño (mantemento do sistema foral, reducida superficie das explotacións, política proteccionista do trigo castelán, pervivencia do sistema caciquil...), expoñendo os principais aspectos



organizativos e reivindicativos do agrarismo, e destacando o papel de Acción Gallega e do seu líder, Basilio Álvarez.

### **Cambio e permanencia na cultura, nos valores e nas ideas de España e Galicia contemporánea. Os avances científicos e tecnológicos.**

É preciso seleccionar algún aspecto dada a extensión deste tema. Podemos analizar, a través dalgúns exemplos concretos (da educación ou da cultura) a coexistencia de correntes de pensamento tradicionalistas (por exemplo, a través de Menéndez Pelayo) e progresistas (por exemplo, a través da Institución Libre de Enseñanza). Convén sintetizar os trazos más significativos de cada unha das establecendo relacións cos grupos sociais que as sustentan.

Hai que subliñar a educación (unha importante preocupación do Estado liberal) coñecendo as liñas básicas da organización do sistema educativo (Lei Pidal, Lei Moyano), así como as relacións coas institucións básicas que levaron o peso da educación na España do século XIX, destacando a sinatura do Concordato como elemento clave do programa de ensino. E tamén valorar a significación da Institución Libre de Enseñanza como renovadora da cultura e dos métodos de estudio.

Débense coñecer as principais características e aportacións da xeración do 98 e do rexeneracionismo (centrado en Joaquín Costa) e comentar brevemente o papel desempeñado polos órganos de difusión (prensa) no espallamento das ideas, así como das tertulias de café como centros de discusión e reflexión sobre os problemas da España do momento.

Dentro dun panorama pouco brillante da ciencia e da tecnoloxía, convén valorar os escasos avances científicos, destacando personaxes como Ramón y Cajal, Peral e Monturiol

### **7.5. ESPAÑA NO PERÍODO DE ENTREGUERRAS.**

Como ocorre no conxunto de Europa, aínda que con pequenos desfasos cronolóxicos e con peculiaridades derivadas da súa especificidade histórica, España experimenta neste período unha transición convulsiva dende o sistema da Restauración ata a ditadura franquista.

Nesta transición hai unhas etapas claras, que son o resultado da confluencia de grandes conflitos que recorren o período e que convén poñer de manifesto: os de carácter social, estimulados pola crise económica mundial e pola persistencia de estruturas arcaicas; os de carácter político-ideolóxico ao redor da contraposición entre réximes democráticos e réximes autoritarios; e os de carácter nacional, en torno ao mantemento ou a redefinición territorial do poder no seo do Estado.

### **As orixes do réxime político da dictadura de Primo de Rivera. O desenvolvemento da oposición e a caída da monarquía.**

A xeito de introdución, débese aludir á descomposición final do réxime da restauración, que supón a culminación da crise permanente que presidió o reinado de Alfonso XIII, aínda que con matices. O alumnado debe coñecer o fracaso das últimas esperanzas democratizadoras entre 1917 e 1919 (gobiernos de concentración) e a reacción conservadora fronte ao reformismo político nun contexto marcado pola mobilización social (trienio bochevique), o terrorismo (assassinato de Dato) e a gravísima situación militar en Marrocos (desastre de Annual, 1921). Estes elementos son o caldo de cultivo do pronunciamento do xeneral Primo de Rivera, que chega ao poder en 1923 co beneplácito do monarca.

A ditadura de Primo de Rivera presenta dúas fases: o Directorio Militar (1923-25) e o Directorio Civil (1925-30). Na primeira delas é preciso coñecer os variados apoios políticos con que contou o réxime, así como a oposición irreductible da CNT e o PCE, xurdido este dunha escisión do PSOE en 1920. Como bases que permiten a aparente consolidación do xeneral no poder nesta primeira fase, deben ser mencionadas a suspensión da Constitución, a represión da oposición e as vitorias logradas en Marrocos co apoio francés. Respecto da segunda etapa, o alumnado debe saber que o Directorio Civil tratou de aproveitar a favorable coxuntura económica internacional promovendo un crecemento baseado na realización de obras públicas (estradas, política hidráulica e sector eléctrico) e no apoio á actividade industrial e mineira; no ámbito



político, débese mencionar o intento de Primo de Rivera de crear unha especie de partido único –a Unión Patriótica-, mentres trataba de poñer en marcha estruturas corporativistas inspiradas no fascismo italiano. É conveniente abordar a fin do réxime desde que en 1927 se rexistrou un notable incremento da oposición política (FUE, FAI, nacionalismo catalán,...) como factores que precipitan a caída do ditador en xaneiro de 1930 e cómpre considerar a crise económica desde 1929, o paso á oposición da UGT e do PSOE e o rexeitamento xeral do réxime por parte de intelectuais e partidos políticos.

A explicación da caída da monarquía debe partir do fracaso do intento de resucitar o réxime da Restauración con todas as súas esencias, é preciso ter en conta na explicación dous factores esenciais: os efectos económicos da crise (paro, colapso do comercio, retroceso da producción industrial,...) e a vontade xeral das forzas de oposición fronte a unha monarquía totalmente desprestixiada (Pacto de San Sebastián, agosto de 1930). En última instancia, débese mencionar a celebración de eleccións municipais o 12 de abril de 1931. Dous días despois era proclamada a Segunda República.

#### **A Segunda República. A Constitución de 1931 e as grandes reformas nos distintos terreos. Etapas da réxime republicano. A conflictividade social, política, ideolóxica e nacional. O Estatuto galego do 1936.**

O estudo do período republicano debe comenzar pola formación dun goberno provisional no que estaban representados todos os partidos do Pacto de San Sebastián e que inicia xa unha serie de reformas, sobre todo nos ámbitos agrario e educativo. É preciso destacar o claro trunfo que nas eleccións a Cortes Constituientes (xuño 1931) obtivo a “conxunxión republicano-socialista”.

Sobre a Constitución promulgada en decembro, debe destacarse a concepción de España como “República de traballadores de toda clase”. Entre os seus puntos esenciais cómpre subliñar o carácter laico do Estado, a previsión dun réxime autonómico, o sufraxio femenino, a utilidade social da propiedade e a aceptación das normas universais de dereito internacional.

En xeral, debe ser tido en conta no estudo da Segunda República o contexto de depresión económica internacional, que limita os recursos e as posibilidades reais de levar a cabo as reformas que se pretendían. Entre 1931 e 1933 gobernou a República unha coalición de esquerdas presidida por Manuel Azaña; entre as importantes reformas que este goberno tratou de levar adiante, deben destacarse as seguintes:

a reforma militar, que se gañou a enemistade de boa parte dos cadros do Exército.

A reforma educativa, moi vinculada coa cuestión relixiosa (matrimonio civil, divorcio), e moi mal acollida pola xerarquía eclesiástica.

A aprobación en 1932 do Estatuto catalán, mal vista polos defensores da “unidad española”.

A reforma agraria (Lei de Bases para a Reforma Agraria, 1932), centrada no latifundismo e no absentismo agrario, e que atentaba contra os intereses dos grandes terratenientes.

O triunfo das dereitas nas eleccións de novembro de 1933 debe ser explicado atendendo a: o artellamento da oposición, dende as primeiras conspiracións monárquicas ata a creación en febreiro de 1933 da CEDA, liderada por Gil Robles, como elemento nuclear das dereitas.

As graves alteracións sociais (folgas, tentativas revolucionarias anarquistas), que en moitos casos remataron en traxedia (por exemplo, Casas Viejas) e limitaron os apoios ó goberno.

As divisións internas no seo do propio goberno.

Débense mencionar a ruptura social e a radicalización política, tanto na dereita (as propias CEDA, a influencia do ascenso do nacionalsocialismo, a creación da Falange) como na esquerda (FAI, FNTT da UGT, Largo Caballero, PCE), como elementos definitorios da situación a finais de 1933.

Sobre o bienio dereitista, o alumnado debe coñecer a súa base parlamentaria radical-cedista, así como o esencial da política posta en marcha: un programa “rectificador” inspirado por Gil Robles, que na práctica significaba unha volta atrás nas más importantes reformas comenzadas no bienio anterior (revisión constitucional, contrarreforma agraria, renuncia ás socializacións...). O incremento da mobilización social (coa súa máxima expresión na revolución de Asturias en 1934), o recurso ó Exército como aparato represivo, a confrontación coa Generalitat (Estat Catalá) e as disensións entre as forzas coaligadas no goberno, son elementos a ter en conta na evolución do período e na explicación da convocatoria de eleccións en febreiro de 1936.



Nestas eleccións consegue a vitoria a esquerda, unida na Frente Popular para deter o que se percibía como avance do fascismo. Entre os elementos que o alumnado debe coñecer sobre os meses inmediatamente anteriores ao inicio da Guerra Civil (de febreiro a xullo de 1936), é mester destacar:

- a aceleración da política de reformas suspendidas pola dereita, sobre todo a reforma agraria;
- a acentuación da inestabilidade política e da axitación social (folgas, grupos paramilitares).
- a actuación de certos sectores do Exército, que preparaban un golpe de estado para derrocar ao goberno lexitímo da República.

### A Guerra Civil: desenvolvemento e internacionalización do conflito.

O golpe do 18 de xullo fracasou, pero supuxo o inicio duna guerra civil que durará tres anos.

A evolución bética do conflito, que o alumnado debe coñecer someramente e preferentemente utilizando mapas, presenta a grandes trazos tres fases:

- 1936: da situación de partida á batalla de Madrid.
- 1937: intervención estranxeira e vitorias nacionalistas no norte.
- 1938-39: as ofensivas finais e o remate da guerra.

Un aspecto importante a tratar é o da internacionalización da Guerra Civil, que se debe abordar como indisociable do contexto europeo do momento, no que a guerra de España aparecía como unha confrontación ideolóxica entre fascismo e democracia, cando non entre fascismo e comunismo. Neste ámbito, é importante destacar o principio de "non intervención" e o seu incumplimento. É conveniente tratar os apoios cos que contou cada un dos bandos en conflito: mentres a República era axudada pola Unión Soviética, por Francia (de xeito máis esporádico e sobre todo "tácito") e polos voluntarios antifascistas integrados nas Brigadas Internacionais, os sublevados contaron co indisoluto apoio da Italia fascista e da Alemaña nacionalsocialista.

Debe ser tamén abordada a diferente evolución sociopolítica e ideolóxica que experimentan durante a Guerra as "dúas Españas": na zona republicana o máis visible foi a fragmentación do esforzo militar e dos proxectos políticos, nunha contínua dialéctica entre revolución, impulsada pola CNT (colectivizacions, control obreiro das fábricas) e guerra, favorecendo as posicións do PCE nun goberno que perdía a contenda; na zona "nacional" aunáronse os apoios dos sectores socioeconómicos, políticos e relixiosos contrarios á República, unificáronse as forzas políticas que apoiaron aos sublevados ata conformar un partido único do "Movemento Nacional" (Falange Española Tradicionalista y de las JONS), e sentáronse as bases legais e institucionais para a instauración dun réxime militar e caudillista baixo o liderazgo supremo do xeneral Franco.

### 7.6. O RÉXIME DE FRANCO. A DITADURA

É indubidable a unidade histórica do réxime ditatorial iniciado no ano 1939 ata 1975. Sen embargo, non se trata dun réxime estático, senón que, ao longo da súa existencia, aprécianse atapas evolutivas que implican cambios decisivos na economía, a sociedade, a mentalidade, así como nas actitudes políticas e na reorganización duna oposición política e sindical ao réxime.

O tratamento sintético pero interrelacionado de todos estes aspectos permitirá ao alumnado facerse coas claves principais para entender o precedente histórico inmediato da sociedade na que vive.

#### **Fundamentos ideolóxicos e sociais do réxime franquista. Caracteres políticos e institucións do réxime. Autarquía e estancamiento económico. España e a situación internacional dos anos corenta e primeiros cincuenta.**

O franquismo foi o sistema político que aglutinou aos vencedores da guerra civil (1936-1939); durante esta contenda adoptou algunas das características que o identificarán ata a súa desaparición.

Débese sinalar a concentración de poderes do Estado na persoa de Franco, subordinando o poder lexislativo e máis o poder xudicial ao executivo.



Cómpre precisar que esta unidade de poderes permitiu aglutinar a un amplo bloco de forzas políticas da dereita tradicional española (carlistas, monárquicos, sectores conservadores católicos representados pola CEDA durante a República...), xunto con grupos de inspiración fascista, como Falange e as JONS (unificadas pouco antes da guerra). Como instrumento de lexitimación do réxime franquista, cómpre salientar o decidido apoio da Igrexa católica, quen recibiu a cambio certos privilexios e prerrogativas (o catolicismo pasou a ser a relixión oficial do Estado), dando lugar á ideoloxía coñecida como nacionalcatolicismo, presente tanto na educación como en tódolos ámbitos dunha vida pública controlada pola censura e a obrigatoriedade de permisos gobernativos previos. Así mesmo é preciso salientar o papel do Exército e das forzas de seguridade, que pasaron a ser instrumentos de disuasión fronte aos inimigos do réxime ou a calquera disidencia interna.

É preciso, sen embargo diferenciar entre a etapa anterior a 1945 (co fascismo italiano como modelo) e a de 1945-1959 (illamento internacional tras a derrota dos fascismos e intentos de superación do mesmo). Como elemento característico da primeira etapa, pódese sinalar a aprobación do "Fuero del Trabajo", inspirado na "Carta di Lavoro" da Italia fascista e xérmolo da lexislación laboral do franquismo. A partir de 1945, debe mencionarse a perda de influencia dos sectores más próximos ao fascismo (Falange) e os intentos franquistas de achegarse aos vencedores da Segunda Guerra Mundial. Nesta segunda etapa, poden mencionarse disposicións como o "Fuero de los Españoles", a "Ley de Referéndum Nacional" ou a "Ley de Sucesión de la Jefatura del Estado", coas que se trataba de abandonar as formulacións más claramente totalitarias e adoptar certos aspectos formais dos sistemas liberais (reconocemento de certos dereitos persoais, sufraxio universal en ocasións especiais, proclamación de España como monarquía á morte de Franco...).

A política económica autárquica iniciada coa guerra civil prolongouse ata os primeiros anos cincuenta. Débense sinalar as súas pretensions iniciais, como a mellora das industrias de guerra e o abastecemento de materias primas, inspirándose no modelo italiano; o INI, creado en 1941, debe ser mencionado como instrumento principal desa política autárquica. Convén precisar que a autarquía, que se mantivo posteriormente como consecuencia do illamento internacional dende a fin da Segunda Guerra Mundial, nunca conseguiu os resultados apetecidos; durante os anos cincuenta produciuse un amortiguamento das duras condicións impostas pola política autárquica, se ben a súa superación non se producirá ata o Plano de Estabilización de 1959.

#### **O Plano de Estabilización e as bases do desenvolvemento dos anos sesenta. Migracións interiores e exteriores e evolución da estrutura social. Os inicios da crise.**

O Plan de Estabilización de 1959 significou o abandono definitivo da autarquía e o inicio dunha política acelerada de industrialización por medio dos "Planes de Desarrollo" dos anos sesenta. Débese coñecer o notable crecemento económico conseguido neses anos, impulsado polos sectores más pragmáticos do franquismo (ministros relacionados co Opus Dei). O modelo de desenvolvemento polo que se optou produciu un crecemento real da economía española, pero tamén deben ser sinalados os problemas e consecuencias negativas que comportou. Entre elas pódense mencionar as seguintes:

- o incremento das fortes desigualdades rexionais, propiciándose o éxodo masivo dende algunas zonas como Galicia, Extremadura e Andalucía cara a Madrid, Cataluña e o País Vasco, fomentándose así mesmo a emigración exterior (Francia, Alemaña, Suíza...), tanto para xerar un fluxo de divisas como para amortigar posibles tensións sociais;
- o "desarrollismo" estivo tamén unido a fenómenos de especulación, degradación dos medios urbanos e das costas, debido en gran medida á ausencia de control na toma de decisións que promovían só o crecemento macroeconómico e favorecían os intereses particulares de individuos e grupos de presión próximos ao poder.

Debemos sinalar ademais a excesiva dependencia de variables como os investimentos exteriores, as aportacións dos emigrantes ou o turismo.

Cómpre aludir, neste contexto, á escasa evolución política real do réxime nesta etapa, se ben deben mencionarse algunas medidas lexislativas como a Lei de Prensa de 1966 e a Lei Orgánica do Estado, que poñen de manifesto uns tímidos intentos liberalizadores e os seus límites.



Débese sinalar que con elas se pretendía realmente a perpetuación do franquismo, e non unha transformación do sistema político, polo que se facían inviables as arelas de integración na Comunidade Europea, desexada por capas cada vez más amplas do empresariado con intereses nos sectores exportadores.

#### **As forzas da oposición á ditadura. Os conflitos sociais e políticos. O significado do exilio. A dinámica política e cultural do franquismo.**

O franquismo impúxose por medio dunha guerra civil na que a oposición política foi case totalmente eliminada ou obrigada a emprender o camiño do exilio. Sobre a súa actividade durante a ditadura, débese comenzar por destacar o intento – tralo remate da Segunda Guerra Mundial – de organizar un movemento guerrilleiro, promovido fundamentalmente polo Partido Comunista, apoiándose nalgúns grupos de fuxidos que permanecían en certas zonas rurais; a experiencia fracasou principalmente pola falta de respaldo internacional tan pronto como os gobernos aliados se comprometeron coa política anticomunista da guerra fría, que tamén foi favorecedora do réxime franquista, pero á súa vez debido á eficacia da represión e á falta de unidade da oposición.

Polo que fai ao PSOE e aos republicanos (moi minoritarios no interior de España), cómpre mencionar a súa promoción dunha liña anticomunistas, alentada por gobernos aliados, pero fracasada no seu intento de atraer aos monárquicos de D. Juan de Borbón. Merece unha especial referencia a reunión celebrada en Munich en 1962, á que acudiron personalidades do interior, como Gil Robles e representantes da Democracia Cristiá. Débese aclarar que a partir dese momento as forzas do exilio irán perdendo relevancia e protagonismo a favor da oposición que comezaba a se articular no interior do país.

O Partido Comunista foi a forza mellor organizada e con máis presenza no interior, se ben esta seguía a ser escasa. Cómpre referirse ao seu illamento respecto das outras forzas de oposición, así como á súa decisión de disolver o movemento guerrilleiro cando – a principios dos anos cincuenta – se convenceu da súa inviabilidade. Dende entón debe sublinharse a súa opción de combater ao franquismo dende dentro dos propios aparatos do réxime, esencialmente os sindicatos verticais.

A oposición interior ao franquismo só adquiriu importancia a partir da reorganización do movemento obreiro. Débese destacar a este respecto a fundación das Comisións Obreiras a principios dos sesenta. Os conflitos sociais adquiriron con frecuencia unha dimensión política pola ausencia de mecanismos de diálogo e participación, aspecto sobre o que poden poñerse exemplos de 1972 en Ferrol e Vigo.

Cómpre sinalar tamén certo protagonismo dos universitarios, que desde 1956, e sobre todo a partir de 1968, rexeitaron masivamente a ausencia de liberdades e reivindicaron un cambio político. Débese mencionar o incremento das protestas en Cataluña, o País Vasco e, en menor medida, Galicia, nas que se reclamaban ademais dereitos nacionais (lingüísticos, culturais, políticos) para estas comunidades.

Os nacionalismos, duramente reprimidos, foron adquirindo unha influencia crecente, incluso entre forzas alleas a estas ideoloxías antes da guerra civil.

A “política cultural” do franquismo pode caracterizarse con algúns exemplo do funcionamento da censura política e relixiosa (por exemplo, o cine coas dobles versións). Cómpre sublinhar que os intelectuais españoles foron maioritariamente opositos ao réxime, e a partir dos anos sesenta utilizaron plataformas de expresión legal nacidas ao amparo da moi limitada apertura da Lei de Prensa de 1966: tal foi o caso de revistas como *Triunfo ou Cuadernos para el Diálogo*. É preciso analizar que moitos destes intelectuais colaboraron cos movementos comprometidos coas reivindicacións das culturas nacionais periféricas, establecendo cauces alternativos á cultura oficial.

Débese facer alusión ao final do réxime franquista, para desenvolver estes contidos na unidade seguinte.

#### **7.7. A ESPAÑA ACTUAL**

É importante que o alumnado estableza unha conexión entre a súa propia situación e a súa orixe histórica más inmediata que, na actualidade, é a transición política da ditadura á monarquía democrática.



Por outra parte, haberá que analizar non só o coñecemento do sistema político e das institucións principais do actual Estado autonómico e democrático, senón tamén as principais características e problemas do seu contorno, como as cuestións económicas, sociais, medioambientais, etc. que teñan máis interese para a consecución dos obxectivos establecidos.

**A transición democrática. A Constitución de 1978: valores, dereitos e deberes. O Estado das Autonomías e institucións representativas O Estatuto Galego. A situación socioeconómica ata os anos 90.**

Cómpre vencellar o inicio da transición á morte do ditador, que determina po si mesma a fin da ditadura no que tivo de réxime autocrático, explicando a diverxencia entre o anquilosado réxime político e o crecente dinamismo da sociedade (a liberalización da vida cotiá ou a aparición dun “parlamento de papel” poden servir para exemplificar este aspecto). Completa a análise o coñecemento das posicíons rupturistas das forzas da oposición (nas súas agrupacións “Junta Democrática” e “Plataforma Democrática”) a través dos aspectos centrais da súa proposta política para o posfranquismo (formas de estado, fórmulas de reconciliación). Convén facer o mesmo cos grupos políticos do réxime, dende o Bunker ao reformismo pragmático.

O alumnado debe comprender a dinámica política posterior (1976-1977) como un achegamento contínuo entre as élites políticas á busca dun compromiso que evite os males do pasado, exemplificado na reforma (ruptura pactada), a legalización do PCE, a amnistía e os Pactos da Moncloa. Para ilustrar as dificultades do proceso, é preciso atender a algúns conflitos que acompañaron a conquista das liberdades (prensa e opinión, folga, manifestación). Por último, debe comprenderse o período 1977-1982 dende as dificultades da normalización democrática: os poderes fácticos, o golpismo e os fenómenos terroristas que tendían a desestabilizar o proceso.

A Constitución de 1978 debe interpretarse dende a perspectiva de consenso e da correlación de forzas derivada das primeiras eleccións. Neste sentido cómpre coñecer o sistema de partidos que se establece e os fundamentos do sistema electoral, así como a evolución do mapa político nas sucesivas eleccións. É preciso poñer en relación a análise da Constitución coas Constitucións anteriores, tanto no respecto de conceptos constitucionais básicos (a soberanía), como do tratamento de institucións que tiveron gran influencia nos acontecementos da España contemporánea (o Exército, a Igrexa, a Monarquía) ou a organización dos tres poderes, para entender en perspectiva histórica as solucións adoptadas en 1978.

A creación do Estado das Autonomías supón a primeira modificación do modelo de Estado e da sua administración territorial dende 1833, e debe entenderse en relación coa radicalización (no caso de Euskadi), unidade (Cataluña) e reivindicación histórica (en Galicia) das forzas nacionalistas na transición.

O alumnado deberá ter unha idea clara sobre as diferentes vías de desenvolvemento estatutario, en relación cos niveis máximo e mínimo de transferencias de competencias do Estado ás autonomías (da orde pública e educación á simple descentralización); tamén debe coñecer a solución que permite o recoñecemento dos tres idiomas. É conveniente que a concreción destes aspectos se faga a través do tratamento que se lles dá no Estatuto Galego, para o que tamén deben coñecerse os pasos e atrancos concretos que acompañaron á súa elaboración e tramitación.

Na análise da evolución socioeconómica de España, é conveniente enlazar a crise do petróleo (1973) coa posterior instalación na crise da economía produtiva e o pulo da economía financeira nos anos oitenta; para iso, débense coñecer a evolución dalgunhas das principais macromagnitudes e indicadores económicos (paro, déficit, renda, PIB...). Valoraránse tamén os avances e dificultades na construcción do estado de Benestar e a crecente influencia do neoliberalismo.

**España no escenario internacional. A incorporación á Comunidade Europea. As relacíons con Iberoamérica e co mundo mediterráneo.**

O alumnado debe coñecer a política internacional española posterior a 1975, vinculándoa co recoñecemento internacional da democracia española e coa normalización progresiva de relacíons. Resulta conveniente analizar como un período coherente a este respecto a denominada “década socialista” (1982-1992), en relación coa entrada nos organismos internacionais que determinan o aliñamento do Estado español no ámbito occidental na fin da era dos bloques. Debe coñecerse, neste sentido o proceso de



integración na OTAN, no Consello de Europa e noutros organismos, así como a celebración de importantes conferencias internacionais e o seu significado histórico interno e xeoestratégico externo.

Respecto da entrada na Comunidade Europea o alumnado deberá coñecer as condicións de entrada e as principais consecuencias nos sectores productivos, así como a evolución posterior ao Tratado de Adhesión. Cómpre tratar así mesmo o papel español na construcción da Unión Europea e a participación política nas institucións comunitarias (parlamento, Comisión). Repasaránse tamén os problemas de aceptación de España antes de 1980, para comprender a adhesión desde a consideración do aval definitivo á chamada integración do Estado español no espazo europeo.

No estudo das relacións internacionais que mantén España, farase especial referencia a Latinoamérica, subliñando as súas raíces e razóns históricas, así como a evolución da liña política e dos intercambios comerciais mantidos nos últimos anos. Respecto das relacións co mundo mediterráneo, destacaranse as mantidas cos países árabes e a normalización das relacións con israel (Conferencia de Paz de Madrid,...) contrastándoas co illamento e a escasa relevancia internacional de España durante o franquismo.

#### 7.8. GALICIA NO MARCO ESPAÑOL E EUROPEO. AS PECULIARIDADES DEMOGRÁFICAS, ECONÓMICAS, CULTURAIS E POLÍTICAS.

Respecto da evolución política de Galicia no marco español, convén reflectir –a partir da consideración do mapa político e electoral galego – o contraste coa evolución política do Estado e das outras comunidades históricas. Débese abordar tamén o estudo da cronoloxía política da autonomía, desde a etapa preautonómica, analizando os trazos básicos da presencia e influenza do nacionalismo na construcción da autonomía. Debe coñecerse, por último, a articulación institucional do réxime autonómico.

Nos aspectos demográficos é preciso centrar a atención no tránsito entre a emigración e o avellentamento da poboación. Respecto da evolución económica, cómpre seguila a través do coñecemento xeral dalgúnha das principais macromagnitudes e indicadores (paro, déficit, renda, PIB,...)

Deben ser analizados os efectos da integración europea na estructura industrial (construcción naval), así como no sector agropecuario e pesqueiro; haberá que analizar as axudas estructurais comunitarias e os beneficiosos efectos da desaparición da fronteira económica con Portugal.

**Como aspectos a salientar no ámbito cultural, cómpre sinalar a conformación dunha cultura galega moderna, o desenvolvemento dos medios de comunicación galegos, o proceso de normalización lingüística e a evolución do sistema educativo (competencias educativas, ensino da lingua galega, segregación das universidades...)**



## 9. PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN: MODELO DE EXAME E CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Dado que os contidos do Deseño Curricular Base modifican o currículo (DOGA 120 do 23 de xuño de 2018) e abrancan toda a Historia de España, dende a Prehistoria ata a más estricta actualidade, e seguindo as recomendacións da CIUG para preparar ao alumnado para as Probas de Acceso á Universidade (PAUU), consideramos que a Unidade 1: *As pegadas das primeiras culturas e da dominación romana na Península. Pluralidade política e cultural da península na Idade Media*, mais a Unidade 2: *Formación da Monarquía hispánica. Castela á cabeza dun Imperio. Expansión ultramarina e creación dun imperio colonial.*, **deberán ser estudiadas de forma global**, comprendendo a materia, e buscando as liñas fundamentais de cada unidade.

Dado que os exames deben responder a contidos establecidos no currículo terán a finalidade de comprobar as **competencias** do alumnado, tanto do que vai acceder á universidade como do que non. **Non se tratará de ver a capacidade de memorización** do alumnado, xa que isto implica a repetición mecánica dos contidos, senón de ver a súa **capacidade de comprensión e interpretación de documentos, de establecer relacións entre informacións diversas e de estruturar os coñecementos nunca sintese escrita**.

## 10. MODELO DE EXAME

O Modelo de exame do curso 20-21, será similar ao do curso anterior e rexido pola normativa LOMCE, sempre que a “**Pandemia do COVID 19**”, permita a presencialidade cara aos exames, de non ser así habería que facer outro tipo de exame cos mesmos contidos, pero de xeito telemático, engadindo a dificultade que isto supón, tal e como se fixo nos exames extraordinarios de xuño 2020. ainda que **engadirá “conceptos a definir” novos e introducidos pola CIUG**, tal como queda referenciado no anexo engadido anteriormente e na Aula virtual (Informe do curso); polo tanto quedan como sigue:

### 1.- Definir conceptos históricos (2 puntos):

Preténdese que o alumnado amose precisión no manexo dos termos históricos.

A resposta debe ser concreta, conforme ó estilo das entradas dos diccionarios especializados. Recoméndase unha extensión máxima de 3-4 liñas por concepto.

Os conceptos para definir serán 4 e o **seu valor total 2 puntos** (0,5 puntos por concepto). No anexo figura a relación de conceptos availables na proba deste ano.

2.- Pregunta para desenvolver (2 puntos): O obxectivo deste exercicio é que o alumnado mostre o seu dominio dos contidos, pero tamén a súa capacidade para artellar unha resposta razoada e coherente. A resposta debe cinguirse á cuestión presentada. Recoméndase unha extensión máxima dunha cara de folio (25-30 liñas).

Na proba deste curso dúas opcións (a escoller unha) serán referidas aos seguintes temas, dependendo da materia impartida:<sup>2</sup>

**Desaparecen as preguntas de Historia Contemporánea -**  
**Incorpóranse 13 preguntas novas:**

- ✓ Bloque 1 (Prehistoria/Historia Antiga): 4 preguntas
- ✓ Bloque 2 (Historia Medieval): 4 preguntas
- ✓ Bloque 3 (Séculos XVI-XVII): 5 preguntas

<sup>2</sup> Nos exames das avaliacións cinguiranse á materia que entre en cada unha delas. Especificanse no anexo que se achega nesta programación e na Aula Virtual (Informe do curso)



## Redúcense e remodélanse as preguntas do século XVIII: 4 preguntas

### 3.- Composición histórica (6 puntos):

Os obxectivos deste exercicio son similares ós de anos pasados. A materia obxecto da composición será a parte de Historia Contemporánea de España, de xeito que se referirá aos séculos XVIII- XIX e XX<sup>3</sup>.

#### 11. CRITERIOS DE VALORACIÓN:

De xeito transversal terase en conta a corrección ortográfica e gramatical, a exposición ordenada de argumentos e o manexo do vocabulario específico da materia.

- **Pregunta de conceptos:** teranse en conta a precisión terminolóxica, a claridade expositiva, a capacidade de síntese e a contextualización axeitada, de ser o caso.

- **Pregunta para desenvolver:** teranse en conta a comprensión dos elementos básicos da cuestión presentada, a precisión espazo-temporal, a capacidade de síntese e a capacidade para elaborar unha resposta razonada.

- **Composición histórica:** teranse en conta a capacidade de análise, **a capacidade relacional**, a axeitada utilización dos documentos e a precisión espazo-temporal. Cómpre aclarar que **o mero resumo ou reproducción dos documentos (paráfrase)** será cualificada como suspenso.

Os documentos servirán como punto de partida do discurso, pero o alumnado debe **amosar o dominio do tema**. Isto esixe a **contextualización dos textos, a interrelación deles, a súa análise pausada e a introdución de información suplementaria**, co obxectivo de mostrar unha explicación coherente da problemática histórica presentada.

### Centros penais

Segundo acordo da reunión da Coordinación Pedagólica que os demais centros penais, dado o pouco volume de alumado co que contan, siguen as guías didácticas colgadas na web. Os exames parciais e final serán os mesmos que para o bacharelato a distancia.

A valoración será a mesma que a do bacharelato a distancia. Hai que ter en conta que este alumnado ten moitas dificultades de contactar co profesorado e de ter un diálogo eficaz, polo que o seu fracaso é maior que o do alumnado habitual.

A Avaliación realizarase atendendo aos **Criterios de Avaliación e os Estándares de Aprendizaxe que se poderá avaliar a través da Rúbrica de Avaliación facilitado neste Proyecto Educativo facilita no apartado correspondente**: Criterios de evaluación e estándares de aprendizaje. Igualmente podremos llevar a cabo una Evaluación Competencial a partir da rúbrica propuesta no apartado correspondiente. Evaluación das competencias clave.

**O grao de adquisición dos obxectivos a alcanzar tanto respecto dos Estándares de Aprendizaxe como das Competencias Clave valorarase, á súa vez, a partir de catro niveis de logro:**

- Logro – Nivel 1: Logro non alcanzado.
- Logro – Nivel 2: Logro básico.
- Logro – Nivel 3: Logro medio.
- Logro – Nivel 4: Logro avanzado.

<sup>3</sup> Na 1ª avaliação entrarán o século XVIII



## 12. CONTIDOS BÁSICOS INICIAIS

### ORIENTACIÓNS SOBRE A AVALIACIÓN DA MATERIA NOVA:

A avaliación terá como obxectivo comprobar que o alumnado coñece os aspectos fundamentais das temáticas seleccionadas.

**As cuestiós de atención preferente nos exames, na composición de textos, serán ás seguintes:**

#### - SÉCULO XVIII

- ✓ *Reformismo borbónico: A nova filosofía de goberno. Os Decretos de Nova Planta e os seus efectos.*
- ✓ *As transformacións da administración central: a potenciación das Secretarías de Despacho.*
- ✓ *Os cambios da administración territorial: a xeneralización das capitánias xenerais e a aparición dos intendentes.*
- ✓ *Os intentos de reforma da facenda real.*
- ✓ *A reforma militar: os cambios no exército e a revitalización da mariña nos reinados de Felipe V e Fernando VI.*
- ✓ *Os avances do regalismo. Ilustración: Os principios básicos do ideario ilustrado.*
- ✓ *Os ilustrados e ilustradas españois.*
- ✓ *Reformismo e Ilustración no reinado de Carlos III: reformas económicas e fomento da educación.*
- ✓ *As vías de difusión do pensamento ilustrado: as Sociedades Económicas de Amigos do País e a prensa periódica.*
- ✓ *As limitacións do proxecto ilustrado.*
- ✓ *A Ilustración en Galicia: institucións e ilustrados galegos.*

**- ÉPOCA CONTEMPORÁNEA** Os mesmos que se viñan manexando en anos anteriores. **Séculos XIX e XX, é dicir, a Historia de España Contemporánea.**

O estudo da 1<sup>a</sup> avaliación, se lle adicará máis tempo ao que na Guía electrónica figura como **1<sup>a</sup> quincena, aínda que se trata, fundamentalmente, de facer un repaso xeral da H<sup>a</sup> antiga, medieval e moderna, cara a poder ter unha base sólida e así poder resolver conceptos, desenvolver un tema en trinta liñas e afrontar as composicións de textos , más complexas, a partir do século XVIII** incidindo, a partir de aí, en fixar máis conceptos e análise, cara á composición de textos, as **quincenas 2 (España na órbita francesa: o reformismo dos primeiros Borbóns (1700-1788)Reformismo dos primeiros borbóns, Trazos económicos, sociais e políticos do Antigo Régime), 3 (A Crise do Antigo Régime. Liberalismo fronte Absolutismo.Guerra e revolución: a guerra contra os franceses e o seu impacto en Galicia. O reinado de Fernando VII: absolutismo fronte á liberalismo. Independencia das colonias americanas), e 4 (A Construcción do Estado Liberal (1833-1874)Reinado de Isabel II: dominio do liberalismo moderado. Significado do Sexenio: intentos democratizadores)** quedarían tal e como figura na guía electrónica, que configuran os contidos da 1<sup>a</sup> avaliación.

Ante calquera dúbida pódese consultar a través da aula virtual do Instituto San Clemente por correo electrónico ou chamar á profesora por teléfono nos días sinalados no horario da mesma.

Como o alumnado dispón dunha plataforma educativa na que pode traballar e unha guía electrónica de contidos, actividades e ferramentas de intervención, as actividades realizadas polo alumnado e enviadas á profesora da materia se terán en conta positivamente para conformar a nota da avaliación, para axudar ao alumnado que demostra interese e capacidade de esforzo (nunca por norma xeral, senón que apoiarían trabalho daquel alumnado que pode estar dubidoso na nota final e que ten un esforzo e un traballo



continuado ao longo do curso). Tamén se terá en conta positivamente aquel alumnado que participa a miúdo a través da plataforma educativa, incluíndo os diferentes foros de discusión ou aprendizaxe.

**Os contidos que se amplíen para facilitar o estudio do alumnado entrarán na avaliación correspondente, non só os que figuran na guía electrónica. Sempre estas ampliacións que facilitan o traballo ao alumnado serán complementarios e non substitúen ao manexo da guía.**

### **CUALIFICACIÓN FINAL**

No que se refire aos criterios de cualificación e promoción da materia devandita , a avaliación farase tendo en conta os resultados obtidos nos exames propios de cada trimestre (ou de xuño e setembro se fose preciso), e fixados a tal efecto pola Xefatura de Estudos.

Realizarase unha proba escrita por avaliación e un exame final en xuño. Aqueles alumnos e alumnas que non acaden unha avaliación positiva en xuño serán examinados de toda a materia no mes de setembro.

No exame final de xuño, o alumnado examinarase das avaliacións non superadas durante o curso. Na proba de setembro terá que facelo de toda a materia.

**Será posible superar o curso por avaliacións, cunha única avaliación suspensa, sempre que a nota desta sexa un 4 e a suma das cualificacións obtidas nas 3 avaliacións do curso sexa 15 ou superior.**

**Para superar a materia no exame final a nota mínima será de 5 puntos sobre 10.** Na convocatoria de setembro, como xa se sinalou con anterioridade, o alumnado deberá examinarse da materia completa.

No caso de suspender unha avaliación ou máis, deberán ir ao exame final onde recuperarán as pendentes ou non presentadas, na convocatoria ordinaria de Maio. Para a convocatoria extraordinaria de Xuño (ate antes Setembro que a substitúe) non se gardarán notas parciais, senón que a materia será obxecto de exame global e será puntuada sobre un 10 numérico seguindo as pautas marcadas anteriormente, tendo o exame as mesmas características que os parciais xa comentados.

### **13. LIÑAS METODOLÓXICAS XERAIS QUE INCLÚAN O IMPULSO Á AUTONOMÍA PERSOAL.**

Para apoiar o desenvolvemento persoal do alumnado e a súa autonomía dispoñemos da aula virtual, e dadas as características especiais deste bacharelato a distancia, a propia aula virtual é unha ferramenta potente para que o propio alumno ou alumna **desenvolva capacidades de autoxestión**, á hora de estudar, para atopar os materiais e moverse polas diferentes rutas web, polo que xa o manexo da aula virtual potencia autonomía.

**Outro recurso** non menos importante son as guías electrónicas que permiten ao alumnado realizar **exercicios autoavaliables interactivos** polo que o propio alumnado vai observando os resultados do seu estudo e coñecendo o dominio dos contidos conceptuais, procedimentais e ate actitudinais, segundo a súa propia disposición para a resolución dos exercicios propostos.

**Os exercicios e composicións de textos** que propoñemos na materia para cada avaliación, aínda que son de resolución voluntaria, nos permiten **coñecer e corrixir o camiño didáctico do alumnado, e poden influír, en tanto se fagan ou non, nos resultados finais, non só os exames realizados.** Por tanto, como a vía fundamental de comunicación é a aula virtual, a corrección de exercicios tamén vai polo camiño telemático, cada alumno o alumna pode acadar un grao maior de desenvolvemento da autonomía propia.

**E o estudo tamén ten que ver co grao de desenvolvemento do alumnado no manexo dos materiais didácticos que a guía electrónica lle proporcionan.** De forma secuenciada e progresiva van recibindo



por quincenas os contidos a estudar pero tamén **ferramentas de traballo individual, con resolucións de autocorrección, que apoian as iniciativas de cada quen**, á hora de establecer horarios de estudo e potencian o desenvolvemento individual cando se confrontan a cuestionarios interactivos, que lles permiten facer unha autoavalía persoal e implicalos na toma de decisións básica sobre a viabilidade do seu esforzo ou a necesidade de recurrir aos exercicios de reforzo.

#### **14. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.**

Como recursos recomendamos sempre lecturas complementarias en cada avaliación que figuran na aula virtual, especialmente relacionadas coas Constitucións españolas dos séculos XIX e XX. Dentro da aula virtual tamén está previsto incluír ás **mulleres na Historia, dándolle o papel que lles corresponde e, sobre todo incluíndo a igualdade no devir histórico, a pesar de que os libros de texto non o reflecten en absoluto**.

Tamén podense utilizar como recurso didáctico a gravación das clases presenciais que ao longo do curso presente estarán a disposición do alumnado que por algúna circunstancia non poida asistir a elas. A experiencia dos cursos anterior demostra a utilidade desta ferramenta educativa á hora de facilitar o acceso aos coñecementos a alumnado con escasa disponibilidade horaria.

Neste curso 20-21 e por mor da “**Pandemia da Covid 19**” este recurso é o máis importante para poder manter unha mínima presencialidade, ainda que sexa telemática, co alumnado

Para a resolución dos exames e tendo a experiencia previa do curso pasado, podería usarse como ferramenta a gravación de voz, tendo diante o exame mediante o sistema de *camStudio*, de forma que todo o alumnado pode resolver as súa dúbidas cotexando o que fixo co que a profesora explica sobre como debía ser resolto dito exame

#### **15. CONTIDOS TRANSVERSAIS**

O carácter global e integrador do currículo de Bacharelato implica que, en tódalas materias, estean presentes unha serie de temas de tratamiento xeral ao longo do correspondente desenvolvemento curricular. No caso da materia de Historia, os temas transversais a traballar son basicamente os seguintes: a educación moral e cívica, a educación para os dereitos humanos e a paz, a educación para a igualdade entre os sexos, e a educación ambiental e do consumidor. En relación cos temas transversais, esta materia presenta os seguintes obxectivos:

##### **Educación moral e cívica:**

- **Analizar e estudar** problemas con dimensión moral do mundo contemporáneo, prestando atención preferente aos más directamente relacionados con España e Galicia: gasto armamentístico, problemas de refuxiados e inmigrantes, desigualdades ricos-pobres...
- **Valorar a democracia** como o mellor sistema para solucionar problemas de conflictividade social e política e de convivencia cívica.
- **Desenvolver actitudes** dialogantes para potenciar a tolerancia e o respecto das ideas, crenzas ou costumes diferentes ás propias.
- **Formar un xuizo crítico e razoado** dos problemas actuais da actual sociedade española en xeral e galega en particular.
- **Coñecer e valorar** os más destacados proxectos éticos contemporáneos concretados nas súas actuacións no noso contorno máis inmediato e na súa proxección internacional: **loita polos dereitos humanos, feminismo, pacifismo, ecoloxismo...**

##### **Educación para os dereitos humanos e a paz:**

- **Apreciar os dereitos e as liberdades humanos** como dereitos irrenunciables da humanidade e punto de partida básico.
- **Desenvolver** a competencia social e cidadá a través da adquisición de capacidades como **o respeito, a tolerancia, o sentido crítico, a actitude aberta ao diálogo e a disposición a compartir responsabilidades**.
- **Promover** actitudes democráticas e de solidariedade con outros pobos e culturas.
- **Desenvolver** actitudes de rexitamento ante as desigualdades sociais e económicas dos individuos e dos colectivos sociais.
- Participar en debates con actitude crítica e tolerante, argumentando as opinións propias e empregando o diálogo como medio de resolución das diferencias de actitude e de pensamento. **Este xa era complicado nos cursos anteriores, pero neste, o curso da Pandemia da COVID 19, vai ser moi difícil de realizar.**
- **Analizar** conflictos socio-políticos da España actual con **actitude crítica e constructiva**, fuxindo de posicóns e solucións maniqueas.
- **Coñecer e valorar** o papel das organizacións supranacionais e non gobernamentais na defensa da paz e da cooperación cos colectivos más desfavorecidos.
- **Entender aos novos suxeitos da historia**, colocando como protagonistas as xentes que sempre quedaron fóra como **son as mulleres, os grupos marxinados e os pobos sen voz, para participar na construción dunha historia sen exclusións**.

#### Educación para a igualdade entre os sexos:

Dende a materia de Historia, non podemos obviar a **perspectiva de xénero**, dado que é a perspectiva do 51% da humanidade e para iso, poderemos tratar de modo especial temas como: A igualdade de xénero, relacionado co proceso histórico e as consecuencias das desigualdades, facendo fincapé na situación das mulleres nas distintas épocas que iremos estudiando, especialmente naqueles momentos revolucionarios que parece que sería posible conseguir os mesos dereitos, como na revolución Francesa, ou na declaración dos dereitos do Home e do Cidadán ( ate 1948 non se conseguiu que se nomeara de xeito universal), ou as repercuśóns da Primeira Guerra Mundial sobre o traballo asalariado das mulleres. Os obxectivos fundamentais son:

- **Corrixir xuízos sexistas**, dando un tratamento equilibrado ao papel desempeñado polos homes e as mulleres no desenvolvemento dos acontecementos históricos.
- **Lograr e consolidar hábitos non discriminatorios** na explicación dos procesos da historia contemporánea de España.
- **Coñecer e valorar** a loita das mulleres polos seus dereitos.
- **Elaboración de xuízos críticos sobre situacóns de discriminación por razón de sexo, fuxindo de explicacóns simplistas ou maniqueas.**
- **Ser capaces de recoñecer os procesos de exclusión da sociedade liberal burguesa e os novos mecanismos de dominación e integración das mulleres.**

#### Educación ambiental e do consumidor:

- **Analizar** os valores e problemas da sociedade industrial e posindustrial española e a súa repercuśón no medio ambiente e na calidade de vida.
- **Valorar e respectar** o patrimonio ambiental , histórico-cultural, sobre todo neste momento no que unha Pandemia, a Covid 19, está a producir graos importantes de irresponsabilidade e incivismo por falta deste elemento pouco traballado nos últimos anos, polo que **debemos invitar ao alumnado a asumir a responsabilidade da súa conservación e mellora**.

Todos estos temas transversais tratan de conseguir unha **educación integral das persoas que teña en conta non só as capacidades cognitivas e intelectuais se non atender tamén ao desenvolvemento da capacidade afectiva , e de relación**.



**Formar cidadáns e cidadás críticos que sexan quen de implicarse e responsabilizarse do devir histórico e social e na construcción dunha sociedade más igualitaria e mais xusta, sabendo exercer os dereitos de cidadanía individual e social. Instruir e Educar.**

## **16. ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE E ADAPTACIÓNS CURRICULARES**

A lexislación actual establece normas de carácter moi xeral sobre estes dous aspectos a tratar no Bacharelato. Os Departamentos didácticos son os encargados de atender ao alumnado que non supere os criterios de avaliación nas probas parciais, así como de adoptar medidas destinadas a atender necesidades específicas que poidan presentar algúns alumnos e alumnas adaptando, neste caso, contidos mínimos e criterios de avaliación.

Para o caso das adaptacións curriculares, a lexislación establece que debe ser profesorado do alumno e a alumna que precise delas quen, en colaboración co departamento didáctico e dos profesionais de orientación pedagóxica, efectúe a adaptación curricular. **Sen embargo, e tendo en conta o carácter final que ten o curso de Segundo de Bacharelato, o seu carácter de ensino non obligatorio e que está concibido, en boa medida, como preparación para proseguir estudos universitarios, tanto os contidos como os criterios de avaliación non deben rebaixar os mínimos esixidos establecidos pola lexislación.**

O Decreto establece que o desenvolvemento desta materia ha de contribuír a que as alumnas e alumnos adquiran as seguintes capacidades:

- 1. Identificar** e situar no espazo e no tempo os procesos globais e acontecementos más relevantes da historia de España, a súa diversidade territorial e a especificidade de Galicia para comprender a xénese da historia recente.
- 2. Coñecer e comprender** os procesos da historia contemporánea más importantes, tanto pola súa xénese como polas súas repercuśóns na actualidade, observando as interrelacións que se dan entre os feitos políticos, sociais, económicos e culturais.
- 3. Desenvolver** unha perspectiva integradora da Historia de España que respete a pluralidade de identidades que a conforman – non só territoriais senón tamén sociais- e que potencie actitudes de solidariedade.
- 4. Situar** o proceso histórico español e a súa variedade identitaria no marco internacional para poder ver as implicacións e influencias mutuas e ser capaces de ter unha idea coherente e articulada da historia.
- 5. Distinguir** os cambios conxunturais dos trazos que identifican os procesos históricos profundos para ser capaces de pensar historicamente sobre os problemas más relevantes do mundo actual.
- 6. Coñecer** o proceso de formación das normas que regulan o ordenamento constitucional, promovendo o compromiso cos valores democráticos e o interese por participar na vida cidadá.
- 7. Valorar e comprender** as loitas contra as discriminacións que producen opresión e inxustizas, comprometéndose na defensa dos dereitos humanos e tomando conciencia da necesidade de ter presentes suxeitos xeralmente silenciados na historia, en especial as mulleres.
- 8. Seleccionar e interpretar** información procedente de diversas fontes aplicando técnicas metodolóxicas propias da materia (composición d etextos, interpretación de imaxes, mapas, gráficos) para contrastar diversos puntos d evista e desenvolver a capacidade de exercer a crítica histórica.
- 9. Realizar** investigacións de carácter histórico no ámbito de referencia do alumnado, manexando fontes como a historia oral, a prensa ou as tecnoloxías da información e da comunicación para aproximarse á propia comunidade, comprender o carácter provisorio do coñecemento e a diversidade das manifestacións históricas.



## **17. ACTIVIDADES DE CONTRIBUCIÓN**

- **Proxecto lingüístico:** a materia de Historia de España é impartida en galego segundo esixe a lexislación, polo que o galego é a vía de comunicación co alumnado. Contribúe a ensinanza desta materia a Normalización Lingüística do idioma galego o mesmo tempo que evita o desarraigo e a desintegración cultural.
- **Proxecto lector:** contémplase de forma implícita no desenvolvemento da materia. O alumno-a debe traballar sobre diversas fontes bibliográficas (textos, gráficos, mapas, ...) e fragmentos de textos históricos que terá que comprender e analizar.
- **No curso 19-20, terán obrigatoriamente, que ler unha das seguintes obras, a escoller, e facer un pequeno "traballo" que "axudará" á nota final e se explicará en que consiste a través dun guión na Aula Virtual.**
- **George Orwell 1984 .**
  - **Federico García Lorca, Mariana Pineda.(Século XIX)**
  - **Dulce Chacón: "La voz dormida". (Século XX)**
  - **Javier Cercas, Soldados de Salamina (Século XX)**
  - **Fernando Fernán Gómez, Las bicicletas son para el verano.**
- **Proxecto das TIC:** o carácter semipresencial e a distancia do Bacharelato do IES San Clemente esixe un manexo avanzado das novas tecnoloxías, imprescindibles para acadar os obxectivos do Bacharelato. O alumno ten que organizar tódalas actividades de aprendizaxe, agás os que acudan ás clases presenciais, de forma autónoma e personalizada e a maneira de chegar á información, ás orientacións do profesor, ós apuntamentos que colgan na Aula Virtual do IES San Clemente, é mediante o manexo das TIC.
- **Plan de convivencia:** o carácter semipresencial e a distancia deste bacharelato condiciona o desenvolvemento deste tipo de actividades dentro do Instituto. O plan de convivencia de acordo co Observatorio de convivencia abarcará varias medidas:
- Estimular a convivencia educativa e social entre iguais.
  - Recoñecer a igualdade de性s e manter unha actitude de non tolerancia diante da violencia de xénero.
  - Comprender e axudar ós maiores principalmente ós que teñen algún tipo de eiva.
  - Respectar as manifestacións culturais das persoas inmigrantes e procurar que a súa estancia, nesta sociedade, resulte menos traumática.

## **18. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.**

Conscientes das dificultades que existen para abordar o programa de Historia, cando o currículo é tan amplio e as horas véntense reducidas a tres, ademais de que é un bacharelato on-line, de segunda oportunidade, presentamos unicamente algunas **suxerencias de actividades a realizar** que poden servir de complemento á materia. En moitos casos poden ser levadas á práctica conciuntamente co profesorado do propio departamento de CC SS -Historia da Arte- ou doutros.). Entre estas actividades complementarias pensamos as seguintes:

**Visionado** de filmes e documentais para o seu aproveitamento didáctico, que a criterio das profesoras se inclúen na aula virtual, nun grao de complexidade de menor a maior. A experiencia de anos anteriores nos di que os videos que habitualmente se colgan na aula virtual despertan a curiosidade polos temas, e incitan a un maior coñecemento.



**Presentacións de power point especiais.** Nas titorías presenciais usamos exclusivamente medios dixitais para desenvolver o traballo docente con máis eficacia, e para presentar resumos da materia sobre os que se explicarán os conceptos fundamentais. Refírense tamén a algúns aspectos que queremos destacar como pode ser a presenza das mulleres nun determinado momento histórico, ou caricaturas da prensa do século XIX que explican con claridade e ironía unha situación política determinada.

Tamén se poden incluir a **audición dos capítulos dos audiolibros**, dado que sempre teñen unha referencia histórica..

Utilizaremos, dada a boa experiencia do curso pasado, o **foro de aula** como un espazo de expresión persoal, onde colgamos música, apuntes e informacóns de prensa interesantes cara ao temario. O alumnado participa activamente aportando temas do seu interese ou música que queren compartir. É unha forma de entretemento para facilitar a interacción do alumnado, e que comparten as súas aportacións.

**Realización de traballos de investigación** por parte do alumnado sobre aspectos relacionados coa historia contemporánea de España e Galicia. Entre os posibles tipos de traballos:

**De carácter bibliográfico:**

- Sobre un aspecto xeral previamente seleccionado e co obxectivo básico de familiarizar ós seus autores sobre o manexo da bibliografía específica.
- Sobre algún tema de actualidade, seguindo a noticia a través da prensa.
- Sobre algún tema concreto relacionado directamente co seu entorno. Por exemplo: a partir dos nomes das rúas da propia localidade, realización de breves biografías dos personaxes da época contemporánea que dan nome a esas rúas.

Ou o mesmo tipo de traballo, pero a partir dos monumentos que poidan existir na cidade propria ou máis próxima, e que se refiran tanto a personaxes (bustos, placas conmemorativas, esculturas...) como a acontecementos relacionados coa historia contemporánea de España ou de Galicia.

**De historia oral:**

- Realización de enquisas a persoas maiores sobre algún aspecto do que poidan facilitar información de interese. Por exemplo: emigración, lembranzas da guerra civil, costumes e modos de vida de hai unhas décadas... O alumnado deberá confeccionar un cuestionario e realizar a posterior avaliación dos datos recollidos.

Ámbalas dúas propostas son moi interesantes, pero non podemos esquecer que o alumnado traballa a distancia, polo que ás veces non será viable a realización dalgunhas destas actividades.

## **19. INDICADORES DE LOGRO E MECANISMOS DE REVISIÓN/AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN**

Coa fin de axustar á realidade docente este documento, resulta interesante considerar a posibilidade dunha avaliación tanto da propia práctica docente como da adecuación ou validez desta proposta didáctica. Meta esta, principalmente dirixida a posibilitar e facilitar a intervención ante posibles eivas ou inadecuacións deste programa.

Para tal fin, consideramos axeitado incluir unha serie de medidas tendentes a esa “*avaliación da propia programación*”, que se realizarán preferentemente en consenso e coordinación cos demais membros do departamento e baixo a dirección da xefatura. Así pois, establecese que ao final de cada trimestre, se faga unha reunión valorativa dos resultados acadados en función dos obxectivos didácticos propostos.

A profesora analizará tanto de xeito cuantitativo como cualitativo o porcentaxe de aprobados, o traballo das competencias clave así como as principais eivas e problemas que se presentasen. Desta análise,



deberá saír un informe valorativo do período e de ser o caso, as posibles medidas de intervención/modificación da proposta educativa de cara aos próximos trimestres.

Finalmente, ao remate do curso, realizarase un novo informe de carácter retroactivo, onde se terán en conta varios indicadores de logo:

- Adecuación da proposta docente en función dos resultados acadados
- Grao de consecución dos obxectivos de etapa e materia.
- Dificultades á hora de cumplir a temporalización de contidos programada
- Problemas e conflitos específicos xurdidos por cuestións programáticas da materia
- Estatística e evolución dos aprobados/suspensos por trimestres e de xeito final
- Posibles medidas de intervención e mellora en función dos resultados de curso e de cara a integrar na programación do próximo curso.



## ANEXO

### LISTADO DE CONCEPTOS AVALIABLES

#### Prehistoria & Historia Antiga

- **Aula Regia**
- **Bárbaros**
- **Castro**
- **Conventus**
- **Economía predadora**
- **Guerras Cántabras**
- **Megalitismo**

#### Historia Medieval

---

- **Carta de Poboamento**
- **Manso**
- **Marca Hispánica**
- **Mesta**
- **Mozárabe**
- **Presura**
- **Taifas**

#### Séculos XVI-XVII

---

- **Converso**
- **Gran Armada**
- **Mourisco**
- **Terzos**
- **Unión de Armas**
- **Valido**
- **Xuntas do Reino de Galicia**

#### Século XVIII:

---

- **Antigo Réxime**
- **Catastro de Ensenada**
- **Decretos de Nova Planta**
- **Despotismo Ilustrado**
- **Motín de Esquilache**
- **Paz de Utrecht**
- **Regalismo Borbónico**

#### Século XIX:



- Afrancesados
- Abdicación de Bayona
- Caciquismo
- Cantonalismo
- Desamortización
- Encasillado
- Estatuto Real
- Ludismo
- Manifesto dos Persas
- Manifesto de Sandhurst
- Pragmática Sanción de 1830
- Pronunciamento
- Pucheirazo
- Rexeneracionismo
- Sistema de quenda
- Sufraxio censatario, universal masculino e universal
- Tratado de Valençay
- Unión Liberal

#### Século XX:

- 
- Agrarismo
  - Bienio Negro
  - Brigadas Internacionais
  - CEDA
  - Contubernio de Munich
  - Desastre de Annual
  - Directorio Militar
  - Expediente Picasso
  - FAI
  - FET das XONS
  - Frente Popular
  - Lei para a reforma política
  - Lexión Cóndor
  - Nacional-catolicismo
  - Pacto de San Sebastián
  - Pactos da Moncloa
  - Plan de Estabilización
  - Plataxunta Sanjurjada
  - Sección Femenina
  - Semana Tráxica
  - Sindicato vertical



- UCD
- Unión Patriótica

## Anexo II. Medidas Específicas para afrontar o proceso de Pandemia Covid 19

---

A dinámica particular de traballo nun Centro de Educación a Distancia coma o noso fan que boa parte dos atrancos cos que se pode atopar un Centro Ordinario queden neutralizados. Xa durante o Curso pasado (2019-20) se estableceron dinámicas de traballo e contacto co alumnado que podemos considerar satisfactorias.

En previsión dun posible novo confinamento xeral, zonal ou de individuos particulares se estableceron os seguintes procedementos:

Sen detrimento da utilización das canles habituais do teléfono e do Correo para consultas ordinarias e envío de exercicios, priorizaremos o contacto co alumnado a través de videoconferencia. Empregaremos a Plataforma Jitsi, mellorada e integrada na propia Aula Virtual. En caso de ter que emplegar este método para realizar contactos múltiples se poderá acceder a través de Meet.

Tal e como se establece no protocolo COVID do Centro, tamén poderán realizarse entrevistas presencias, pero sempre baixo cita previa.

A planificación de dúas modalidades de exames: físicos e telemáticos. Sempre que sexa posible faranse de xeito presencial, pero prevemos a posibilidade de realizar exames tipo test telemáticos, a través da Plataforma do IES, en cada avaliación e nas convocatorias finais e de setembro. As primeiras seguirían o formato xa establecido e comentado nas Programacións Didácticas. As telemáticas constarán de 20 preguntas tipo test de resposta múltiple no caso dos exames de avaliación e de 40 nas convocatorias finais. Procurarase mellorar o funcionamento dos mesmos artellando ao longo do Curso medidas de vixiancia e control dos mesmos.

Como medida adicional de recuperación de contidos do Curso anterior para aqueles alumnos que teñan que afrontar con garantías o 2º de Bacharelato, quedan en aberto todas as Aulas Virtuais do Centro incluída a de Historia de España. A todo aquel alumnado que o necesite será remitido ao enlace

<https://guiasbac.ies.sanclemente.net/>

Evidentemente o profesorado das diferentes materias do Departamento, quedan a disposición do alumnado do Centro, aínda que este non estea matriculado na materia de Historia do Mundo Contemporáneo.



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE CULTURA,  
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

INSTITUTO DE ENSINO SECUNDARIO SAN CLEMENTE  
Rúa San Clemente s/n. 15705 Santiago de Compostela  
Teléfono: 0034 881 867 501 - Fax: 0034 881 867 538  
[www.iessanclemente.net](http://www.iessanclemente.net) - [ies.sanclemente@edu.xunta.es](mailto:ies.sanclemente@edu.xunta.es)



Contemplamos, tal e como se fixo na terceira avaliación do curso 2019/20, a posibilidade de modificar a presente Programación Didáctica en función das necesidades e da evolución da pandemia.

**Santiago de Compostela, Outubro 2020**

**Asdo: Guillermina Dominguez Touriño  
Profesora de Historia de España 2º  
Bach.  
IES San Clemente**